

# PE

## PROXECTO EDUCATIVO



# CRA RAÍÑA ARAGONTA

(SALCEDA DE CASELAS)

## CURSO 2019-2020

## ÍNDICE

<b>1. CONTEXTO</b> .....	3
1.1. ENTORNO XEOGRÁFICO, SOCIOECONÓMICO E CULTURAL.....	3
1.1.1. Aspectos xeográficos.....	3
1.1.2. Aspectos socioeconómicos.....	3
1.1.3. Aspectos culturais.....	4
1.2. ANÁLISE DO CENTRO.....	5
1.2.1. Características do centro.....	5
1.2.2. Organización do centro.....	6
1.2.3. Alumnado.....	8
<b>2. FILOSOFÍA EDUCATIVA</b> .....	8
2.1. ADECUACIÓN DOS OBXETIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN INFANTIL AO CONTEXTO E CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO.....	8
2.2. COEDUCACIÓN, PLURALISMO E VALORES.....	14
2.2.1. Coeducación.....	14
2.2.2. Pluralismo e valores democráticos.....	14
2.2.3. Educación en valores.....	15
2.3. METODOLOXÍA E CRITERIOS PARA O AGRUPAMENTO DO ALUMNADO. PLANIFICACIÓN EDUCATIVA DOS ESPAZOS E ORGANIZACIÓN DO TEMPO.....	16
2.3.1. Principios metodolóxicos.....	16
2.3.2. Agrupamento do alumnado.....	19
2.3.3. Organización dos espazos.....	20
2.3.4. Organización do tempo.....	20
2.4. OS CRITERIOS, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN.....	21
2.4.1. Criterios de avaliación.....	21
2.4.2. Procedementos de avaliación.....	22
2.4.3. Instrumentos para a avaliación.....	22
2.4.4. Documentos da avaliación.....	22
2.5. LIÑAS XERAIS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE.....	23
2.6. COORDINACIÓN ETAPAS E CICLOS.....	33
2.7. LIÑAS XERAIS PARA A ELABORACIÓN DOS PLANS DE ORIENTACIÓN E ACCIÓN TITORIAL.....	34
2.8. LIÑAS XERAIS DE PLANIFICACIÓN DO PERÍODO DE ADAPTACIÓN... ..	36
2.9. FOMENTO DO USO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN, DA LECTURA E DA MELLORA DA CONVIVENCIA....	37
2.10. ATENCIÓN EDUCATIVA AO ALUMNADO QUE NON OPTE POR ENSINANZAS DE RELIXIÓN.....	39
<b>3. NORMAS DE ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E CONVIVENCIA</b> .....	40

3.1. NORMAS DE CONVIVENCIA.....	40
3.2. DO ALUMNADO.....	41
3.2.1. Dos dereitos do alumnado.....	41
3.2.2. Da participación do alumnado.....	41
3.2.3. Dos deberes do alumnado.....	42
3.2.4. Das conductas contrarias ás normas de convivencia, das medidas de corrección e das garantías procedimentais.....	43
3.3. DO PROFESORADO.....	45
3.3.1. Dos dereitos do persoal docente.....	46
3.3.2. Dos deberes do persoal docente.....	46
3.3.3. Dos procedementos a seguir polo persoal docente.....	47
3.3.4. Procedementos a seguir polo titor ou pola titora.....	49
3.3.5. Procedementos a seguir pola xefatura de estudos.....	51
3.3.6. Procedementos a seguir pola dirección.....	51
3.4. DOS PAIS E NAIS OU REPRESENTANTES LEGAIS DO ALUMNADO.....	53
3.4.1. Dos dereitos dos pais e das nais.....	53
3.4.2. Dos deberes dos pais e das nais.....	53
3.5. DO PERSOAL NON DOCENTE.....	52
3.5.1. Dos dereitos do persoal non docente.....	52
3.5.2. Dos deberes do persoal non docente.....	52
3.6. ORGANIZACIÓN DOS RECURSOS E MEDIOS.....	56
3.6.1. Recursos materiais.....	56
3.6.2. Organización de espazos.....	56
3.6.3. Distribución do tempo.....	57
3.7. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES .....	57

## **1. CONTEXTO**

---

O Colexio Rural Agrupado (CRA) *Raíña Aragonta* foi constituído no ano 2001, unha vez aceptada pola Consellaría de Educación a proposta presentada polas mestras e mestres das antigas escolas unitarias. Dita proxecto foi previamente votado e resolto a favor por parte das nais e pais e obtivo o correspondente beneplácito do Concello de Salceda de Caselas.

O nome escollido para o Centro fai referencia a unha raíña chamada Aragonta que tras ser repudiada polo rei Ordoño II funda nestas terras no ano 914 un mosteiro dúplice para permanecer nel o resto dos seus días. Este mosteiro, que seguiu a regra de San Benito, foi chamado Santa María de Salceda, nome que da orixe ao topónimo deste concello.

### **1.1. ENTORNO XEOGRÁFICO, SOCIOECONÓMICO E CULTURAL**

#### **1.1.1. Aspectos xeográficos**

O concello de Salceda de Caselas atópase na parte meridional da provincia de Pontevedra, encadrado xeograficamente na bisbarra do Baixo Miño. Limita polo norte co concello de Pontearreas, polo sur co de Tui, polo leste co de Salvaterra do Miño e polo oeste co do Porriño. Parte do seu territorio, as zonas norte, oriental e meridional, podémolo adxudicar á comarca do Condado, mentres que a zona occidental forma parte da Louriña.

Trátase dun concello pequeno cunha extensión de trinta e seis quilómetros cadrados e unha poboación de 8.300 habitantes.

Nos últimos anos está a experimentar un notable incremento.

Dito concello divídese en sete parroquias, sendo a capital do concello a Esfarrapada, a que súa vez constitúe o único grupo urbano do municipio, adscrito á parroquia de Santa María de Salceda. Conta ademais coas parroquias de Parderrubias, Budiño, Entenza, Picoña, San Xurxo e Soutelo.

A climatoloxía é semellante á da comarca do Condado, caracterizada por uns valores térmicos temperados, precipitacións relativamente frecuentes, névoas e xeadas no inverno. Todo isto inflúe nos cultivos e na súa configuración forestal.

#### **1.1.2. Aspectos socioeconómicos**

Salceda nos último tempos experimentou un gran crecemento.

Por todo isto, a meirande parte da poboación inscríbese nunha economía de emprego en diferentes sectores, dada a proximidade dos polígonos industriais de Vigo e Porriño. Do

mesmo xeito, cada vez son máis as pequenas empresas familiares que se abren camiño neste concello, grazas sobre todo ao incremento de poboación. Nun segundo plano queda a explotación agraria, a cal está máis ben asociada ao abastecemento familiar.

Tendo en conta o arriba sinalado, o nivel económico é medio, podendo oscilar dunhas familias a outras.

### **1.1.3 Aspectos culturais**

A multiplicidade de poderes nobiliarios ao longo da historia deste concello foi a que permitiu o asentamento e construción dos notables pazos e casas brasonadas que actualmente converten ao concello de Salceda de Caselas nunha auténtica *Terra de Pazos*, os cales salpican as distintas parroquias. Cabe destacar o da Picoña por ser un dos máis fermosos de Galiza, así como o de Pegullal, A valle, Budiño e Corisca.

No concello de Salceda de Caselas existe unha gran inqueda pola cultura autóctona, polo que a participación nas festas populares e culturais é moi ampla. Nestes últimos anos está dándose a coñecer en toda Galiza cunha festa gastronómica adicada aos callos celebrada a principios do mes de setembro.

Cabe destacar tamén a importancia que neste concello se lle outorga á música e o prestixio de que goza a súa Banda Municipal. De feito, nestes últimos anos a Escola de Música en colaboración co Concello está organizando cursos e concertos de verán orientados á formación musical dos máis novos.

O Entroido en Salceda de Caselas posúe un interese tamén moi salientable. As comparsas das distintas parroquias son cada ano máis elaboradas e os desfiles atraen a numerosas persoas de dentro e fóra do concello. Esta festa vívese con moitísima entrega por parte da veciñanza, moitos da cal participa directamente na elaboración dos disfraces e carrozas. Resulta especialmente interesante o denominado *pique*, que fai referencia a o encontro das carrozas e comparsas de dous barrios veciños da parroquia de Santa María: Barreiro e A Feira, un dos cales será o gañador.

Por outra banda, a vida cultural das distintas parroquias é moi fluída debido á existencia de centros culturais que facilitan a participación da veciñanza en distintas actividades: teatro, biblioteca, música popular, canto coral, inglés, informática...

## **1.2. ANÁLISE DO CENTRO**

### **1.2.1 Características do centro**

#### **A. Instalacións**

O CRA *Raiña Aragona* está composto por 16 aulas de Educación Infantil, das cales 9 aulas están no centro urbano (sede e aulas da Esfarrapada) e as outras 7 distribuídas polas parroquias (Fontán, Soutelo, Picoña, San Xurxo, Barreiro, Entenza e Budiño). Nas aulas das parroquias o alumnado conta coas tres idades (3, 4 e 5 anos), porén as 9 aulas que están na sede do CRA non son mixtas, escolarizan ás nenas e aos nenos por idades.

UNIDADES	
EDUCACIÓN INFANTIL	
3 anos	3 aulas
4 anos	3 aulas
5 anos	3 aulas
3, 4 y 5 anos	7 aulas

Respecto ás instalacións, o edificio máis importante do CRA atópase no centro urbano designado como sede. Este edificio está composto por dúas plantas. Na planta inferior atópanse as seguintes dependencias: 6 aulas, a aula de psicomotricidade, os baños das nenas e dos nenos e dos mestres e das mestras, a sala de mestres e mestras, o despacho da dirección e a secretaría. Na planta superior temos 3 aulas, aula de música, a biblioteca, o departamento de orientación, a aula de audición e linguaxe, aula de Pedagogía Terapéutica, un espazo que se adicará a unha aula multisensorial, e os baños das nenas e dos nenos. No exterior da sede hai un patio cuberto para os días de choiva e un patio exterior cun areeiro, unha horta, un xardín e unha zona de xogos.

As instalacións da sede son utilizadas fora do horario lectivo polos alumnas e alumnos do centro para levar a cabo o servizo de aula madrugada en horario de 7:30 a 9:15 horas. As actividades extraescolares de luns a xoves de 16:30 a 18:30 horas e os martes de 16:00 a 17:00 horas a biblioteca estará a disposición das familias e alumnos/as para levar a cabo o préstamo de libros.

Tamén son empregadas as nosas dependencias pola ANPA para celebrar xuntanzas cos socios e socias.

Cabe sinalar que as aulas das parroquias non son de recente construción e todas pertencen ao concello, agás a aula de Entenza que se atopa ubicada no centro cultural desta parroquia.

As aulas constan dos seguintes espazos: unha aula na maior parte delas (con excepción dalgunhas), un patio exterior, aseos para nenas e nenas e mestres e mestras e un despacho para o titor ou titora e ou outros e outras especialistas.

## **B. Persoal docente e non docente**

O CRA *Raiña Aragonta* neste curso 2019-2020 está composto por 27 mestres/as que están asignados da seguinte forma:

PERSONAL DOCENTE								
E. Infantil	E. Musical	Relixión	L. Estranxeira	E. Física	A. L.	P.T	D.O.	Total
20	1	1	1	1	1	1	1	27

SITUACIÓN ADMINISTRATIVA					
Definitivo	Comisión Servizos	Provisional	Funcionar.prácticas	Interino	Relixión
20	1	0	2	3	1

Ademais no centro tamén contamos con persoal non docente como son a coidadora e as limpadoras.

PERSOAL NON DOCENTE	
Coidador ou coidadora	Limpador ou limpadora
1 na aula de Budiño	1 na sede do CRA e persoal do concello nas aulas de parroquia

### **1.2.2. Organización do centro**

O Centro está composto polos seguintes órganos:

- Os órganos de goberno
- Os órganos de coordinación docente.

Os órganos de goberno subdivídense en dous grupos, os unipersoais (a Directora, a Xefa de Estudos e a Secretaria) e os colexiados (o Consello Escolar e o Claustro). O Claustro do noso Centro está constituído por 27 mestres e mestras e o Consello Escolar, no momento actual está formado pola Directora, Xefe de Estudos, Secretaria (con voz pero sen voto), 5 representantes de mestres e mestras, 5 representantes de pais e nais, 1 representante de persoal de administración e servizos e 1 representante do concello.

É preciso destacar que este curso 2019/2020 levarase a cabo a renovación parcial do Consello Escolar.

ÓRGANOS DE GOBERNO		Compoñentes
Órganos unipersonais	Directora	1
	Xefa de Estudos	1
	Secretaria	1
Órganos colexiados	Claustro	27
	Consello Escolar	15

Os **órganos de coordinación docente** no noso Centro están compostos polos seguintes equipos:

- Equipo de Ciclo: formado polo coordinador e 27 membros.
- Equipo de Normalización Lingüística: composto pola coordinadora e 4 membros
- Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares: constituído pola coordinadora e 2 integrantes.
- Titoras/es: 16 titoras/es de Educación Infantil.
- Departamento de Orientación: formado polo Orientador, a Directora, a mestra de Audición e Linguaxe, mestra de Pedagogía Terapéutica e a Coordinadora de Ciclo.
- Comisión de Coordinación Pedagóxica: composto pola Directora, o Xefe de estudos, a Coordinadora de Ciclo, as mestras de apoio á atención de alumnos con NEAE, a coordinadora do equipo de Normalización Lingüística, a Secretaria (membro da Comisión).

ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE	Compoñentes
Equipo de Ciclo	27
Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares	3
Equipo de Normalización Lingüística	5
Titoras	16
Departamento de Orientación	4
Comisión de Coordinación Pedagóxica	7

### 1.2.3. Alumnado

O Centro consta neste momento de 265 alumnas e alumnos matriculados, número que pode variar ao longo do curso escolar. O alumnado está distribuído da seguinte forma:



AULAS	3 AÑOS	4 AÑOS	5 AÑOS	TOTAL
BARREIRO	3	4	6	13
BUDIÑO	1	2	7	10
ENTENZA	1	5	3	9
ESFARRAPADA	55	59	62	176
FONTÁN	11	5	4	20
PICOÑA	4	3	1	8
SAN XURXO	6	4	7	17
SOUTELO	1	5	4	10
<b>TOTAL</b>	<b>82</b>	<b>87</b>	<b>94</b>	<b>263</b>

## **2. FILOSOFÍA EDUCATIVA**

---

### **2.1 ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN INFANTIL AO CONTEXTO E CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO**

#### ***a) Coñecer o seu propio corpo e o dos outros, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.***

Tendo en conta os aspectos contextuais sinalados, este obxectivo terase moi en conta non só no relacionado co descubrimento e coñecemento do propio corpo, senón e moi especialmente no que se refire ao respecto ás diferenzas. Consideramos que este último aspecto precisa unha adaptación coidadosa ao noso contexto, xa que no centro moitas familias veñen de fóra cunha lingua e culturas diferente. Por outra banda, é preciso favorecer tamén a integración da diversidade, non só nos casos de necesidades educativas específicas e permanentes, senón en relación ao respecto á persoa coas súas propias características. Por todo isto, para nós este obxectivo precisa ter un plantexamento máis colectivo que individual, sen deixar por iso de plantexar sempre un traballo que nas distintas áreas favorecerá o descubrimento e coñecemento do propio corpo, todo o cal tamén favorece a propia aceptación e autoestima. Así como, favorecer a igualdade entre nenos /as

Por outra banda, a especialidade de Educación Física contribúe decisivamente ao desenvolvemento dos aspectos relacionados co coñecemento do propio corpo. As nenas

e nenos descubren as posibilidades de acción e movemento que teñen, coñecen e aceptan os seus límites a traballan para mellorar aspectos relacionados coa motricidade, tanto fina como grosa, a lateralidade, a coordinación e moitos máis básicos na formación integral da nena e do neno durante esta etapa. Ademais destacar que esta sesión estará especialmente coordinada coa sesión de lingua estranxeira, xa que somos un centro plurinfantil e dita especialidade levarase a cabo en lingua inglesa nas aulas de 4º de Educación Infantil de esfarrapada e nas aulas de parroquias. A implantación en 5º e 6º de Educación Infantil realizarase de xeito gradual ao longo dos vindeiros cursos.

### ***b) Observar e explorar o seu ambiente familiar, natural e social.***

Este obxectivo ten para nós unha importancia crecente. Cada vez son máis as propostas titoriais e dinamizadoras que tentan implicar ás familiar na escola, non tanto para colaborar, coma si para participar e vivir con nós e coas súas cativas e cos seus cativos a educación. Do mesmo xeito, as nenas e nenos traen ao colexio información (fotos, obxectos, libros...) que ven da súa casa. A familia é hoxe para este centro un elemento activo e considerado imprescindible na educación das nenas e nenos e indispensable na consecución dunha convivencia real da comunidade educativa. Temos claro que a riqueza que hai en cada familia precisa ser compartida co colexio e pensamos que este intercambio e participación conxunta favorece non só dende o punto de vista académico ao alumnado, senón dende o punto de vista afectivo e emocional. Queremos ser unha gran familia.

Do mesmo xeito, tentamos que as nenas e os nenos do noso Centro non só observen e exploren o seu contorno a través de diversas actividades, tanto extraescolares coma titoriais, senón que sexan quen de valoralo e respectalo. Inevitablemente neste punto xurde o aspecto da ecoloxía e do uso responsable de elementos naturais ou que proceden da natureza: auga, papel, material escolar, xardíns... Nestes últimos anos todo o equipo docente comparte a idea de que nas primeiras semanas de clase cómpre concienciar ás nenas e nenos sobre o respecto ao contorno e traballar dun xeito real as normas básicas que favorecen este aspecto. Non pretendemos vixiar ou coartar, senón máis ben concienciar e espertar nas cativas e cativos unha actitude positiva cara o seu contorno natural. Seguindo esta liña, dende o Equipo de Actividades Extraescolares hai tempo que se procura incluír actividades encamiñadas ao coñecemento do contorno natural e sobre todo á concienciación ecolóxica das nenas e dos nenos.

Con respecto ao contorno social, pensamos que o traballo por proxectos pode ser moi

interesante. Cando nun aula son as nenas e os nenos quen propoñen temas e presentan ideas de traballo, case sempre aparecen aspectos próximos a eles relacionados coa súa vida. Por outra banda, a participación crecente das familias na escola favorece a introdución nela do elemento social, posto que moitos familiares veñen ás aulas a falar ou aportar cousas relacionadas co seu traballo ou aficións. Deste xeito, as nenas e nenos coñecen de cerca á xente que vive no seu mesmo municipio.

### ***c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.***

Consideramos este obxectivo primordial para o bo desenvolvemento das actividades escolares en particular e para a formación dos cativos en xeral. Xa sinalamos máis arriba que o equipo de mestras e mestres coincide en que nas primeiras semanas de clase cómpre facer fincapé en todo tipo de contidos relacionados coas normas e as actitudes. Evidentemente, para todo isto é preciso que as nenas e nenos adquiran uns hábitos de autonomía básicos que lles permitan participar nas actividades e na vida escolar con normalidade. Nos últimos anos o equipo docente está a tomar medidas concretas con respecto a este obxectivo, xa que no seu día atopamos deficiencias que dalgún xeito entorpecían o progreso das nenas e nenos noutros ámbitos. Así, podemos dicir que cada vez é maior o tempo que os titores e titoras adican a adquisición dunha autonomía e hábitos básicos no que respecta a o uso de material e instalacións escolares. Durante o primeiro trimestre este é sen dúbida un dos obxectivos máis importantes que nos plantexamos, sobre todo cando falamos do primeiro nivel do segundo ciclo da etapa que nos ocupa.

### ***d) Desenvolver as súas capacidades afectivas.***

O mundo emocional da nena e do neno ten hoxe unha importancia crecente. As novas investigacións con respecto á intelixencia emocional e á autoestima obrigan á escola a participar nunha formación axeitada da dimensión afectiva, o cal sen dúbida será determinante na formación equilibrada e satisfactoria da personalidade. Por iso, nós pretendemos que sobre todo a nena e o neno sexa quen de valorarse e aceptarse tal como é e, ao mesmo tempo, valorar e apreciar aos demais, respectando as diferenzas. Para elo, é preciso que as alumnas e os alumnos se expresen afectivamente con liberdade e controlando as súas emocións. Para todo isto cómpre facer fincapé na adquisicións de estratexias que contribúan a solucionar os problemas ou conflitos dun

xeito pacífico. Consideramos pois necesario traballar na conciencia grupal e creando dinámicas de grupo positivas e enriquecedoras, sen esquecer tampouco as demandas individuais. Precisamos que todos e cada unha das nenas e dos nenos se atope integrado no grupo nun ambiente afectivo positivo e harmonioso. O traballo por proxectos, que agardamos gañe un terreo cada vez máis amplo no ámbito titorial, é clave neste apartado. Son os intereses das nenas e dos nenos os que guían gran parte da práctica educativa e dentro destes intereses a súa afectividade desempeña tamén un papel fundamental.

**e) Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse nas resolución pacífica de conflitos.**

Este obxectivo responde en gran medida a moitas das pautas sinaladas en relación a obxectivos anteriores. De novo, cabe dicir que para favorecer a convivencia, a nosa tendencia a potenciar o traballo de grupo pode influír satisfactoriamente no desenvolvemento de estratexias sociais positivas. Actividades de grupo, incluso xuntanzas coas aulas de parroquias axudan ao alumnado a entender a convivencia dun xeito motivador e real.

De novo, neste apartado debemos mencionar a importancia das distintas especialidades, xa que en todas elas se plantexa unha actividade case sempre de grupo, razón pola cal se favorece a adquisición de pautas de traballo colectivo, na que o respecto ás normas comúns é básico.

Neste apartado cabe sinalar a recente introdución en moitas das aulas da figura da mediadora ou do mediador, o cal se ocupa de axudar a resolver un problema ou conflito que poda xurdir entre as súas compañeiras ou os seus compañeiros . Para nós esta figura é a dun “igual” (sen autoridade) que axuda a resolver un conflito dun xeito pacífico, algo que posúe un gran valor. Ademais, temos comprobado que na meirande parte dos casos resulta efectivo, todo o cal contribúe ao desenvolvemento da autonomía e competencia social.

Do mesmo xeito, hai tempo que o noso Centro ten como obxectivo a observación e intervención (se é preciso) nos momentos de recreo para favorecer a integración e a relación de todas as nenas e todos os nenos. Para nós o recreo ten moita importancia, sobre todo no que respecta a este obxectivo, xa que é nel onde as cativas e os cativos se relacionan dun xeito máis próximo e persoal. A observación directa permite aos mestres e

mestras coñecer moito mellor ás súas alumnas e alumnos, todo o cal influirá positivamente na intervención educativa noutros ámbitos e espazos.

***f) Desenvolver actividades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.***

Este obxectivo non só orienta a práctica docente das distintas titorías, senón que se ve especialmente cuberto polos contidos impartidos nas distintas especialidades. Dende as titorías traballase o desenvolvemento da linguaxe oral con todo o que isto con leva, así como outras formas de expresión relacionadas coas linguaxes plástica e artística. Ademais as especialidades en Lingua Estranxeira (inglés) ou Educación Musical contribúen pola súa banda a enriquecer as vías de expresión noutros ámbitos. No primeiro caso, iniciando ás nenas e aos nenos, sempre dun xeito lúdico e motivador nunha das linguas máis utilizadas actualmente. Xa que dende este curso formamos parte da rede de centros Plurinfantís de Galicia, empregárase a lingua inglesa como mínimo en dúas sesións semanais dunha hora para os alumnos/as de 3 anos de esfarrapada e nas aulas de parroquias. A Educación Musical, pola súa banda, pode axudar ás cativas e cativos a expresarse a través do corpo, da voz e da práctica instrumental, desenvolvendo ao mesmo tempo a súa creatividade e favorecendo sempre a iniciativa individual a través dun traballo que parte sempre do propio grupo.

***g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, achegarse á lecto-escritura como medio de comunicación, información y gozo.***

Este obxectivo abrangue tanto a dimensión titorial, coma aspectos relacionados coas especialidades que neste momento ten o noso centro. Por unha banda, dentro do traballo de titoría os distintos mestres e mestras deseñan actividades que, por estar inscritas dentro dun proxecto xa pertencentes a unha determinada unidade didáctica, desenvolverán aspectos relacionados coa lóxica-matemática e a lecto-escritura. Dentro deste punto cabe dicir que nas últimas reunións do equipo docente os mestres e mestras amosan unha tendencia crecente en desenvolver estes aspectos dun xeito máis manipulativo. O actual marco lexislativo plantexa a conveniencia de favorecer a adquisición de competencias, o cal vai estreitamente ligado á creación por parte dos mestres e mestras de situacións reais nas que as nenas e nenos poidan vivenciar e experimentar dun xeito próximo e significativo aspectos lóxico- matemáticos ou contidos

relacionados coa lecto-escritura. Por isto, apartamos un pouquiño máis as “fichas” e favorecemos o traballo manipulativo. Do mesmo xeito, a lecto-escritura pode plantexarse como algo tamén máis manipulativo, de xeito que no recoñecemento, práctica e adquisición de trazos e grafías pode participar todo o corpo e mediar elementos do máis variado, sen que necesariamente sexan a man, un papel e un lapis os encargados de levar a cabo esta tarefa. Escribir co corpo no chan, con area, con cordas, debuxar unha grafía a través do movemento, recoñecer palabras nun libro fascinante que temos elixido para o noso proxecto... Esta é en definitiva a liña que este Centro pretende seguir, a que por sorte conta coa conformidade da meirande parte do equipo docente.

***h) Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.***

Con respecto ao relacionado co ritmo, o xesto e o movemento sobra sinalar a importancia que de novo adquiren as especialidades. No traballo feito en Educación Física sen dúbida é o movemento o protagonista. A perspectiva que toma esta materia está actualmente dirixida ao desenvolvemento dos aspectos máis diversos relacionados coa motricidade da nena e do neno desta etapa. Non só descubrir o corpo, senón ser quen de explorar as propias posibilidades e limitacións, controlando o seu movemento individual e coordinándoo co resto do grupo. Ademais se traballan aspectos relacionados coa motricidade fina e a lateralidade, tan importantes para a consolidación dunha boa base para a adquisición da lecto-escritura. Na especialidade de Inglés actualmente o traballo do movemento ocupa tamén un lugar importante á hora de motivar ás nenas e aos nenos cara a esta lingua. Do mesmo xeito, o xesto constitúe un recurso fundamental para reforzar a aprendizaxe e adquisición do novo vocabulario. Na especialidade de Educación Musical o movemento é un contido e recurso protagonista, non só no desenvolvemento de aspectos relacionados co ritmo e a coordinación, senón co de outros que teñen que ver coa adquisición dunha seguridade e confianza propias. Do mesmo xeito, o xesto é un elemento básico á hora non só de acompañar a reprodución de cancións, senón tamén de realizar sinxelas coreografías e bailes.

***i) Achegarse, na medida das súas posibilidades, ao uso das tecnoloxías da información e da comunicación.***

Tanto os titores como o resto de mestres especialistas adquirirán o compromiso de iniciar

aos nenos/as, no uso das novas tecnoloxías. A maior parte das aulas do centro contan con equipos informáticos con conexión a Internet, así como con encerado dixital , onde se levan a cabo diversas actividades, favorecendo así a innovación educativa e desenvolvendo os contados do currículo de forma lúdica, e pondo en contacto aos nenos/as cun material que cobra cada vez maior relevancia na sociedade na que se atopan inmersos. Polo tanto o uso das TIC no noso centro ten como obxectivo primordial achegar aos alumnos/as ao mundo tecnolóxico que os rodea.

Cabe sinalar, que desde o noso centro búscase un papel activo das TIC dentro do proceso de ensinanza-aprendizaxe, creándose deste xeito a dinamización de TIC, desde onde se organizan e coordinan moitas das actividades relacionadas coas novas tecnoloxías, que se desenvolven ao longo de todo o curso, abarcando as diversas materias e contidos do currículo, procurando a participación activa do profesorado e do alumnado, así como tamén se fomentan actividades de formación para o profesorado. Por outra banda, a posta en marcha do blogue do CRA, onde cada aula ten o seu propio espazo de participación, o que permite unha forma activa e dinámica de comunicación e intercambio de información coas familias.

## **2.2. COEDUCACIÓN, PLURALISMO E VALORES DEMOCRÁTICOS: EDUCACIÓN EN VALORES**

### **2.2.1. Coeducación**

O Centro fomentará a convivencia natural e libre de prexuízos entre os distintos sexos. Procurarase eliminar as discriminación contra a muller e superar aqueles convencionalismos ou posturas que tentan diferenciar os roles entre a muller e o home. Para todo isto, propiciarase a utilización de materiais educativos e bibliografía non sexistas. Do mesmo xeito, o Centro a través dos seus documentos e notas informativas tentará coidar na súa redacción calquera elemento lingüístico que poida ser considerado sexista.

### **2.2.2. Pluralismo e valores democráticos**

A filosofía educativa do Centro basearase no pluralismo, valores democráticos e, máis concretamente, fomentará unha metodoloxía activa. A acción educativa estará centrada no respecto aos demais, na solidariedade e cooperación, no diálogo, na tolerancia e no afán de superación.

Rexeitaranse todos os comportamentos discriminatorios por razón de sexo, clase social,

raza, crenza, lingua ou opción política. Impulsarase nas alumnas e alumnos o seu desenvolvementos integral, así como tentarase fomentar a integración da diversidade en todos os ámbitos e contextos. Por outra banda potenciarase a participación crítica, autónoma e responsable das alumnas e alumnos nas actividades do centro como un elemento esencial de aprendizaxe encamiñado á súa vida como cidadáns adultas e adultos comprometidas e comprometidos cos valores de liberdade e responsabilidade, tolerancia, xustiza, igualdade e valoración do esforzo. Do mesmo xeito, terase en conta na educación aqueles valores relacionados coa concienciación, respecto e coidado medioambiental.

### **2.2.3. Educación en valores**

O enfoque globalizado que debe sustentar a práctica educativa e a organización dos contidos fai posible que en calquera das actividades plantexadas aqueles aspectos relacionados cos valores participen na práctica educativa coma un contido máis para nós dunha importancia básica. Temos que partir do feito que son os valores os que guían o comportamento e as actitudes das nenas e nenos dende o máis profundo, tanto con respecto ás persoas que lle rodean coma en relación ao seu contorno. Para elo precisamos que as nenas e nenos vaian adquirindo uns valores positivos, que favorezan a súa relación co seu contexto físico e social e lles encamiñen cara ao respecto e valoración deste.

Como xa dixemos noutros apartados, a nosa perspectiva pedagóxica está máis encamiñada á concienciación que á corrección. O noso desexo é que as normas sexan máis un conxunto de actitudes positivas e solidarias adquiridas polas cativas e polos cativos que non unha lista de cousas que se poden ou non se poden facer. Para iso cómpre que unha norma adquira a dimensión valorativa por parte das nenas e dos nenos. Por iso en moitas titorías e especialidades as normas son previamente discutidas entre o grupo e sempre xustificadas en base ao ben común. Tendo en conta o dito, nas actividades de aula e durante os períodos de especialidades trabállanse a diario e dun xeito real valores relacionados con todo tipo de aspectos, que van dende o respecto medioambiental e o consumo responsable, ata o respecto ás diferencias ou diversidade que se dan en calquera aula.

Por outra banda, como xa sinalamos, tentamos que dende o Equipo de Actividades Complementarias se programen actividades que axuden a reforzar valores que para nós e dentro do contexto dunha sociedade democrática e tolerante son imprescindibles. Ademais, xa dende o comezo das dinamizacións o noso centro plantexouse a necesidade



de crear e dar continuidade á Dinamización de Convivencia, a cal sen dúbida pode axudar a todos os membros da comunidade educativa, incluídos os mestres e as mestras, a desenvolver valores positivos de relación entre nós, cara ao alumnado e cara ás familias. Evidentemente, as nenas e os nenos aprenden a convivir tamén cando poden experimentar nas súa propia escola un ambiente solidario e de participación entre todas e todos. Este ano, debido en parte ás características do alumnado plantexamos tres proxectos comúns de traballo que serán distribuídos ao longo dos tres trimestres, os cales farán fincapé en temas nos que precisamente o desenvolvemento de valores e actitudes será básico. Así, consideramos interesante afondar durante o primeiro trimestre no tema da multiculturalidade, o que sen dúbida favorecerá a concienciación e o respecto ás diferenzas. Por outra banda, pensamos para o segundo trimestre tratar o tema da natureza, dando prioridade ao contorno próximo, tentando que as nenas e os nenos non só a coñezan, senón que adquiran valores relacionados coa ecoloxía e o respecto ao contorno físico. Por último, plantexamos para o terceiro trimestre un traballo orientado á arte. A través do descubrimento das máis variadas formas e tendencias artísticas, así como da experimentación con materiais e técnicas plásticas diversas pensamos que o alumnado desenvolverá valores importantes; valores de confianza e valoración das propias creacións nun ambiente de liberdade no que pretendemos que a iniciativa e a creatividade de cada nena e neno sexan protagonistas. Pensamos que isto vai favorecer a súa autoestima xa que na arte non existe a valoración positiva ou negativa e calquera aportación sempre é valiosa. Serve tamén coma unha vía de integración da diversidade e como un procedemento motivador para achegarse a outros contidos.

## **2.3. METODOLOXÍA E CRITERIOS PARA O AGRUPAMENTO DO ALUMNADO: PLANIFICACIÓN EDUCATIVA DOS ESPAZOS E A ORGANIZACIÓN DO TEMPO**

### **2.3.1. Principios metodolóxicos**

Consideramos que a nosa escola na etapa de Educación Infantil ten que ser unha escola para a vida, onde o neno e a nena desenvolvan ao máximo as súas capacidades. O ambiente e planificación de todos os aspectos ten que estar próximo ao seu mundo. Tomamos como punto de partida diferentes aspectos nos que basearemos toda a nosa actividade:

- As aprendizaxes, para que impliquen un verdadeiro desenvolvemento, deben construírse como **aprendizaxes significativas**. Para iso sempre:

- Partiremos das necesidades, intereses e características do alumnado para asegurar a motivación e implicación na súa aprendizaxe.
- Crearemos situacións onde deamos posibilidades de experimentar con novas vivencias e reorganizar os seus esquemas cognitivos.
- **Partiremos dos coñecementos previos do alumnado** e terémolos moi en conta como referencias no momento de formular obxectivos, contidos ou deseñar actividades. Para iso consideramos que a nosa actitude como mestres e mestras debe ser a de:
  - Amosar unha actitude de escoita e observación, estando abertos ás súas propostas.
  - Detectar as necesidades e intereses do alumnado.
  - Coordinarnos co titor ou titora do curso anterior e outros docentes que traballen co mesmo grupo para recoller información sobre os coñecementos previos do alumnado.
  - Iniciar sempre as unidades didácticas con actividades para sacar á luz as súas ideas previas sobre o tema.
  - Manter contacto asiduo coas familias para coñecer os seus hábitos, intereses, necesidades ou problemas das nenas e dos nenos.
- **Traballaremos da forma máis globalizada posible.** A perspectiva global é nesta etapa a máis axeitada para que as aprendizaxes que se realicen nestas idades sexan significativas, é dicir, que a nena e o neno poidan relacionar os seus coñecementos previos coas novas informacións que recibe e que atraian o seu interese. O cal supón que:
  - Traballaremos por medio de proxectos os tres tipos de capacidades (cognitivas, motoras e socio-afectivas).
  - Planificaremos actividades que teñan en conta os intereses do alumnado e se adecúen á súa diversidade.
  - Traballaremos obxectivos e contidos das diferentes áreas ao longo das unidades didácticas ou proxectos.
- **Favoreceremos a aprendizaxe activa**, por iso a participación tense que constituír

no eixe central da unidade didáctica e en ningún caso adoptar unha perspectiva exclusivamente transmisora da información. Para iso procuraremos:

- Potenciar a súa autonomía.
- Favorecer os procesos de verbalización e toma de decisións durante as actividades.
- Favorecer o intercambio e a relación cos iguais.
  
- **Crearemos un clima de seguridade e confianza** na que o alumnado poida desenvolver e construír un autoconceito positivo. Favoreceremos este clima do seguinte xeito:
  - Coidando especialmente o ambiente de aula, coa organización duns espazos cálidos, estéticos e funcionais atendendo ao máximo os detalles.
  - Establecendo normas, retos e esixencias: estas adquiren todo o seu sentido cando se dan nun contexto de afecto e consideración para as nenas e os nenos e están axustadas ás súas posibilidades.
  - Fomentando a participación do alumnado na creación de normas de convivencia e vida de relación na que se teñan en conta valores como: o respecto, a colaboración, a tolerancia, a responsabilidade...
  
- **Potenciaremos a aprendizaxe lúdica.** É imprescindible destacar a importancia do xogo como actividade propia desta etapa. No xogo xúntanse, por unha parte, un forte carácter motivador e, por outra, importantes posibilidades para que o neno e a nena establezan relacións significativas.
  
- **Potenciaremos a aprendizaxe individualizada e socializadora.** Consideramos de vital importancia interrelacionarnos cos nenos e coas nenas atendendo á súa individualidade, sen esquecermos nunca potenciar o traballo cooperativo e favorecer a formación de grupos variados no que cada un participe e goce coa compañía dos seus compañeiros e das súas compañeiras.
  
- **Favoreceremos a colaboración coas familias.** Parécenos importante a relación coordinada coas familias, xa que é o que dá coherencia ás actuacións que os adultos presentamos. Familia e equipo docente deben chegar á unidade de criterios educativos, valores prioritarios e actuacións comúns na escola e na casa,

para o cal cómpre que se estableza un intercambio fluído e continuo de información. Estableceremos esta relación a través de:

- Un contacto directo e informal nas chegadas e entradas do alumnado.
- Exposición no taboleiro de anuncios, fotos, informacións interesantes...
- Notas informativas.
- Informes persoais de carácter trimestral.
- Manteremos reunións preceptivas, unha en cada trimestre.
- Un día á semana establecemos o día de atención a familias, onde contactamos a nivel individual.

### **2.3.2. Agrupamento do alumnado**

Ao longo dunha xornada escolar as formas de agrupamento do alumnado varían.

#### *\* En gran grupo:*

- En asamblea: conversamos e participamos.
- Organizaremos proxectos de aula cun obxecto común.
- Realizaremos actividades de participación de todos como: psicomotricidade, danzas, bailes, cancións, etc.

Con este agrupamento conseguimos mellorar as relacións persoais e axudar a determinar normas, igualdade de oportunidades entre nenos e nenas

#### *\* En pequeno grupo:*

- Equipos de 4-5 alumnas e alumnos, para desenvolver proxectos, experiencias, ...
- Con este pequeno agrupamento conseguimos facilitar a interacción e o intercambio de puntos de vista diferentes, realizar actividades de tipo cooperativo, contribuír á construción de actitudes solidarias, facilitar a atención ás necesidades concretas do alumnado, enriquecer ao grupo con achegas diferenciadas, fomentar a autonomía e responsabilidade e aclarar informacións que se deron previamente no gran grupo.

#### *\* Individualmente:*

- Co traballo individual conseguimos promover a autonomía na aprendizaxe, adaptarse e atender de forma individual ás características de cada nena e neno, detectar dificultades e coñecer cales son os seus intereses e coñecementos previos.

### **2.3.3. Organización dos espazos**

A organización do espazo debe basearse nos seguintes principios:

- Ser estimulante, limpo, acolledor e ordenado.
- Ser polivalente: que permita diversas utilidades e actividades.
- Favorecer a autonomía do alumnado.
- Favorecer a interacción entre o mestre ou mestra e o alumnado.
- Ter en conta os criterios, características e gustos do alumnado implicándoo en tales decisións.
- A necesidade de crear un ambiente próximo á vida da nena ou do neno, polo que debe ser acolledor.
- Responder ás necesidades de actividades do alumnado.
- Aproveitar e rendabilizar ao máximo os recursos espaciais e materiais.
- Axeitarse ao tipo de rutinas que marca os momentos da xornada escolar.

### **2.3.4. Organización do tempo**

A organización do tempo na aula debe basearse nos seguintes principios:

- Debe haber unha axeitada relación entre os períodos de vixilia e sono.
- Alternancia entre xogo no interior e o exterior.
- Período de actividade libre e actividade que esixe unha concentración e atención.
- Sucesión de actividades individuais e actividades colectivas.
- Alternancia entre xogo e a actividade.
- Respecto aos ritmos individuais.
- O principio de flexibilidade rexerá a práctica educativa, é necesario traballar ao ritmo das nenas e dos nenos e facer propostas que faciliten a mellor integración deles nas actividades e o mantemento do interese e da atención.

O noso Centro ten xornada única dende as 9:15 ata as 14:15, e a distribución do tempo será a seguinte:

- ✓ Acollida dos nenos e nenas.
- ✓ Asemblea e nomeamento de axudantes do día.
- ✓ Presentación e traballo sobre o tema que nos ocupa no proxecto.

- ✓ Xogo por recantos.
- ✓ Merenda e patio.
- ✓ Relaxación.
- ✓ Lectura e dramatización dun conto.
- ✓ Traballo con materiais manipulativos.
- ✓ Actividades de robótica.
- ✓ Actividades medioambientais.
- ✓ Actividades de psicomotricidade, relaxación e ioga.
- ✓ Actividades de expresión musical e danza.
- ✓ Uso das novas tecnoloxías, tablets e PDI.

## **2.4. OS CRITERIOS, PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN**

### **2.4.1. Criterios de avaliación**

A avaliación na Educación Infantil constituirá unha práctica habitual e permanente do profesorado dirixida a obter datos relevantes que faciliten a toma de decisións encamiñadas á mellora dos procesos de ensino e aprendizaxe, tanto no ámbito individual como no colectivo.

A avaliación, que formará parte inseparable do noso proceso educativo, será global, continua e formativa. Será global posto que debemos focalizarnos non só no alumnado, senón tamén en todos os elementos que inflúen no proceso de ensino. Terá un carácter continuo, considerándose un elemento inseparable do proceso educativo, mediante o cal os mestres e as mestras recolleremos información sobre o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado, sendo o seu referente inmediato a programación didáctica e permitindo axustar a propia intervención educativa, tendo deste modo un carácter formativo.

A avaliación servirá para detectar, analizar e valorar os procesos de desenvolvemento do alumnado, así como as aprendizaxes. Para estes efectos, os criterios de avaliación utilizaranse como referente para a identificación das posibilidades e dificultades de cada alumna e alumno e para observar o seu proceso de desenvolvemento e as aprendizaxes adquiridas.

Non debemos esquecer que a avaliación é un instrumento prioritario para detectar posibles dificultades e reconducir a práctica educativa. Por isto, sempre debemos partir dunha avaliación inicial para comprobar os coñecementos previos do alumnado e

asegurar os aprendizaxes significativos e a motivación. A avaliación sumativa e final permitiranos comprobar o grado de consecución dos obxectivos por parte das alumnas e dos alumnos, a eficacia do traballo dos mestres e das mestras e todo o proceso en conxunto.

### **2.4.2. Procedementos de avaliación**

Cando falamos de avaliación, non só debemos avaliar ao noso alumnado, senón tamén os seguintes procesos:

- A organización da aula, o seu clima escolar e a interacción entre o alumnado, así como a relación entre o profesorado e o alumnado.
- A coordinación entre os profesionais dun mesmo ciclo e a coherencia entre os ciclos.
- A regularidade e calidade da relación cos pais, coas nais e cos titores legais e a participación destes no proceso de aprendizaxe das súas fillas e dos seus fillos.
- A adecuación da proposta pedagóxica e da propia planificación.
- A adecuación da proposta metodolóxica na contribución á adquisición das competencias básicas.
- A evolución no proceso de aprendizaxe do alumnado.

### **2.4.3. Instrumentos para a avaliación**

Algúns dos instrumentos que vamos a empregar para a avaliación son:

- a) Observación cotiá, sistemática e experimental.
- b) Análise de traballos escolares: cadernos de clase, textos escritos, producións orais ou plásticas, resumos e traballos de aplicación e síntese, etc.
- c) Cuestionarios e observación indirecta.
- d) Intercambios orais co alumnado: diálogos, entrevistas, asembleas e postas en común.
- e) Sociogramas.

### **2.4.4. Documentos da avaliación**

Ao inicio da escolarización, en cada un dos ciclos de Educación Infantil, o Centro abrirá un expediente persoal do alumnado. Neste expediente consignaranse cando menos: o informe persoal, o informe de avaliación inicial, o informe anual de avaliación individualizado e o informe individualizado de final de ciclo.

- **O informe persoal**: recollerá os datos de identificación da nena ou do neno, así como os datos familiares, psicopedagóxicos, médicos e sociais máis significativas.
- **O informe de avaliación inicial**: recollerá os datos achegados na entrevista pola familia, as observacións relevantes durante o período de adaptación e as achegas dos períodos de escolarización anteriores, se os houbera.
- **O informe anual de avaliación individualizado**: o titor ou a titora elaborarán un informe anual de avaliación individualizado ao rematar cada curso a partir dos datos obtidos a través da avaliación continua.
- **O informe individualizado de final de ciclo**: ao finalizar o segundo ciclo de educación infantil, a titora ou titor recollerá os datos máis relevantes dos informes de cada curso nun informe individualizado de cada alumna ou alumno.

## 2.5 LIÑAS XERAIS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Na Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE) xunto cos aspectos que se manteñen da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de Educación (LOE) tomamos como referencia no noso Centro o novo marco no que se concibe a atención á diversidade. Entre os principios básicos referidos á Atención á Diversidade recolleemos os seguintes:

- A **calidade da educación** para todo o alumnado, independentemente das súas condicións e circunstancias.
- A **equidade**, que garanta a igualdade de oportunidades para o pleno desenvolvemento da personalidade a través da educación, a inclusión educativa, a igualdade de dereitos e oportunidades que axuden a superar calquera discriminación, e a accesibilidade universal á educación, e que actúe como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, con especial atención ás que se deriven de calquera tipo de discapacidade.
- A **transmisión e posta en práctica de valores** que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación
- A concepción da educación como unha **aprendizaxe permanente**, que se



desenvolve ao longo de toda a vida.

- A **flexibilidade** para adecuar a atención á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado, así como aos cambios que experimentan o alumnado e a sociedade.

A LOE adica o seu título II á “**Equidade na educación**” referíndose no capítulo I ao **Alumnado con necesidade específica de apoio educativo** para abranguer a toda a poboación escolar dispoñendo de medios para que todo o alumnado acade o máximo desenvolvemento. No artigo 14 do RD 126/2014, do 28 de Febreiro, establécese que será de aplicación o indicado no título II do capítulo I da LOE, nos artigos 71 a 79 bis, ao alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, por Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividad (TDAH), polas súas altas capacidades, por terse incorporado tarde ao sistema educativo, ou polas condicións persoais ou de historia escolar, para que poida alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

Dende o curso 2019/2020 somos un Centro de Escolarización Preferente de Alumnado TEA, polo que o centro conta con unha mestra especialista en Pedagogía Terapéutica, para cubrir as necesidades deste alumnado.

Para que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo ao que se refire o artigo 71 da LOE, poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e competencias da etapa, estableceranse as medidas curriculares e organizativas oportunas que aseguren o adecuado progreso.

Aínda que a etapa educación infantil é de carácter voluntario, co plan de acollida do Centro tentamos favorecer a incorporación das alumnas e dos alumnos que, por proceder doutros países ou por calquera outro motivo, se incorporen de forma tardía ao sistema educativo aínda que isto hai que garantilo na idade obrigatoria.

No referente á **Compensación das desigualdades en educación**, no Centro tentamos dispoñer dos medios necesarios para que todo o alumnado acade o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional, así como os obxectivos establecidos con carácter xeral. Para isto é imprescindible asegurar os recursos necesarios para que o alumnado que requira unha atención educativa diferente á

ordinaria, por presentaren necesidades educativas específicas, por dificultades específicas de aprendizaxe, polas súas altas capacidades, por térense incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, poida alcanzar o máximo desenvolvemento das capacidades persoais, e en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

No Centro establecemos procedementos precisos para identificar de forma temperá as necesidades educativas específicas das alumnas e dos alumnos. A atención integral ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo tentamos iniciala dende o mesmo momento en que esa necesidade é identificada, rexéndonos polos **principios de normalización e inclusión**.

Dende o Centro contribuímos ao obxectivo de garantir a escolarización de todas as persoas, asegurando a participación dos pais e das nais ou representantes legais nas decisión que afectan á escolarización e os procesos educativos deste alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, adoptamos as medidas oportunas para que as familias reciban o adecuado asesoramento individualizado, así como a información necesaria que lles axude na educación das cativas e dos cativos.

Para o desenvolvemento da función docente e da atención á diversidade, terase en conta a seguinte normativa, entre outra:

#### **MARCO CONSTITUCIONAL**

- Constitución Española, do 27/12/1978.
- Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia.

#### **LEIS EDUCATIVAS E DE CARÁCTER XERAL**

- Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro para a mellora da calidade educativa (LOMCE).
- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio de Educación (LOE).
- Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.
- Lei 10/2007, do 22 de xuño, da lectura, do libro e das bibliotecas.
- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

- Lei orgánica 8/2013, do 9 de Decembro, para a mellora da calidade educativa.

## **NORMATIVA XERAL**

- Decreto 8/2015, do 8 de Xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011 do 30 de Xuño de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto 79/2010 do 20 de maio, para o plurilingüísimo no ensino non universitario de Galicia.
- Orde do 17 de xullo de 2007 pola que se regula a percepción do compoñente singular do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes (Dinamizacións).
- Orde do 29 de xullo de 2011 pola que se modifica a do 12 de agosto de 2010, pola que se establecen o número de unidades e os postos de traballo docentes dos centros públicos dependentes desta consellería nos niveis de educación infantil, primaria e educación especial.
- Orde do 8 de xuño de 2015 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2015/2016, nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

## **REQUISITOS MÍNIMOS DOS CENTROS**

- Real decreto 132/2010, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que imparten ensinanzas no segundo ciclo de EI, na EP e na Educación Secundaria.

## **ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DOS CENTROS**

- Decreto 374/1996, do 17 de outubro. Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (ROC)
- Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.
- Orde do 28 de xuño de 2010 pola que se modifican parcialmente a Orde do 22 de xullo de 1997.

## **ESCOLARIZACIÓN DE ALUMNOS**

- Decreto 254/2012 do 13 de decembro polo que se regula a admisión de alumnos en centros sostidos con fondos públicos.
- Orde do 12 de marzo do 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado.

## **ENSINANZAS MÍNIMAS E CURRÍCULO**

- Real Decreto 1630/2006 do 29 de decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas do segundo ciclo de EI.
- Decreto 330/2009 do 4 de xuño polo que se establece o currículo de EI.

## **AVALIACIÓN CURRICULAR**

- Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do 2º ciclo de EI.

## **ORIENTACIÓN EDUCATIVA**

- Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na comunidade autónoma de Galicia.
- Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional regulada no decreto 120/1998.
- Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

## **AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA**

- Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as

ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización.

## **ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

- Decreto 229/2011 do 7 de decembro polo que se regula a atención a diversidade do alumnado.
- Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización do alumnado con NEE.
- Orde do 28 de outubro de 1996 pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibiliza-la duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual.
- Real decreto 943/2003, do 18 de xullo, polo que se regulan as condicións para flexibilizar a duración dos diversos niveis e etapas do sistema educativo para os alumnos superdotados intelctualmente.
- Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ó alumnado procedente do estranxeiro.
- Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo.
- Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na comunidade autónoma de Galicia.
- Lei 27/2007 de 23 de outubro pola que se recoñecen as linguas de signos españolas e se regulan os medios de apoio a comunicación oral das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas.
- Resolución do 23 de outubro de 1991 que recolle as funcións dos cuidadores.

## **ATENCIÓN TEMPERÁ**

- Decreto 69/1998, do 26 de febreiro, polo que se regula a atención temperá a discapacitados na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de Atención Temperá.

## ACCESIBILIDADE, NON DISCRIMINACIÓN E IGUALDADE DE OPORTUNIDADES

- Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 35/2000 do 28 de xaneiro que regula a eliminación de barreiras arquitectónicas na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Lei 26/2011, do 1 de agosto, de adaptación normativa á convención internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade.
- Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de Novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.
- Lei 11/2007, do 27 de Xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- Instrucións do 6 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a elaboración de Plans de Igualdade no curso 2019/2020, nos centros docentes sostidos con fondos públicos de niveis non universitarios da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.
- 

## AUTOPROTECCIÓN DE CENTROS

Real Decreto 393/2007, do 23 de marzo, polo que se aproba a Norma Básica de Autoprotección dos centros, establecementos e dependencias dedicados a actividades que poidan dar orixe a situacións de emerxencia.

- Decreto 171/2010, de 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia
- Orde de 13 de novembro de 1984 sobre evacuación de centros docentes de educación xeral básica, bacharelato e formación profesional.

Teranse en conta ademais os últimos Protocolos publicados, no tocante a protección de datos, así como os referidos ao absentismo e acoso escolar entre outros.

Unha vez sinalados todos os aspectos anteriores, concretamos no noso Centro e sinalamos os **principios ou liñas xerais de Atención á Diversidade**:

- Na Atención á Diversidade do alumnado rexámonos polos principios de normalización e inclusión social, accesibilidade, interculturalidade, igualdade de oportunidades e non discriminación.
- A Atención á Diversidade contempla a todo o alumnado. No Centro contamos cunhas medidas de Atención á Diversidade concretas que se indican máis adiante.
- A Atención á Diversidade con especial atención ao alumnado TEA.
- A Atención á Diversidade ten un dobre carácter, de actividade preventiva das dificultades e de resposta educativa ás mesmas.
- A Atención á Diversidade aséntase na prevención, detección temperá, orientación, medidas de atención específica, esforzo compartido, coordinación entre os diferentes axentes que interveñen co alumnado, cooperación e participación de toda a comunidade educativa.
- Son prioritarias as medidas de carácter xeral e normalizador. As medidas extraordinarias só serán adoptadas cando se esgoten as ordinarias e non existan outras medidas que garantan a atención adecuada do alumnado.

Para acadar todo o sinalado con anterioridade contamos no CRA *Raíña Aragonta* con diversos recursos materiais e persoais, entre os que se atopa o Departamento de Orientación, que tenta velar e pretende dar resposta a toda esta gran demanda que recolle a normativa referida a Atención á Diversidade.

Dende o Decreto Orientación do CRA elaborase o “**Plan de Orientación**” que é coherente con este Proxecto Educativo, onde se recollen diversas actuacións no centro, sen esquecer a Atención á diversidade. Isto concretámolo no centro cun “**Plan de atención á diversidade**” que inclúe diversos aspectos (obxectivos, proceso de detección, medidas de resposta educativa, recursos, metodoloxía, programas de intervención concretos, etc).

A continuación incluímos nas liñas xerais de Atención á Diversidade unha serie de aspectos que é importante que se recollan no Proxecto Educativo.

**PROCESO DE DETECCIÓN DO ALUMNADO:** Para coñecer as necesidades e características do alumnado e adecuarnos a el dende o Centro lévase a cabo unha serie de actuacións baseadas na normativa vixente que nos permiten coñecer e identificar quen

precisa unha atención máis específica e determinar de que tipo é a intervención máis axeitada.

Para isto no CRA realízanse as actuacións recollidas na Orde 25 de xuño de 2009 referidas á Avaliación no 2º ciclo de Educación Infantil, entendendo á avaliación como un proceso inseparable do proceso educativo que ha de ser global, continua e formativa.

**Avaliación Inicial:** Ao comezo da escolarización no 2º ciclo de Educación Infantil o alumnado será obxecto dunha avaliación inicial realizada polos titores ou polas titoras que será recollida nun Informe de Avaliación Inicial que se custodia no expediente persoal do alumnado.

**Avaliación continua:** Ao longo do ciclo, e de forma continua o titor ou a titora utilizará as distintas situacións educativas para analizar os progresos e as dificultades do alumnado co fin de axustar a intervención educativa. Ademais ao longo do curso realizaranse 4 sesións de avaliación: unha inicial e tres ao longo do curso, das que cada titor/a levantará acta.

**Avaliación final:** Ao remate de cada curso elaboramos o informe anual de avaliación individualizado que se archiva xunto co expediente. Ao final de ciclo recolleemos nun informe individualizado de final de ciclo o progreso global de cada nena e neno.

### AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA

No Centro establecemos dentro do Plan de Atención á Diversidade un “Protocolo de Actuación para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo” para xestionar as demandas de avaliación e asesoramento individualizado da Orientadora e posteriormente establecer se é necesario algunha medida de resposta educativa concreta. Nalgúns casos, neste proceso de detección é preciso que a orientadora realice a Avaliación Psicopedagóxica, entendendo a mesma como unha recollida de información que facilita a análise e valoración das necesidades para dar o apoio convinte, tomar decisións acerca da modalidade de escolarización, a proposta de flexibilización do período de escolarización, a elaboración de A.C ,a determinación de recursos e apoios específicos complementarios e calquera aspecto que poida precisar a alumna ou o alumno para progresar. Para realizar esta avaliación psicopedagóxica no Centro tomamos como referencia o establecido na Orde 31 outubro 1996.



## MEDIDAS DE RESPONSA EDUCATIVA:

As propostas educativas para atender á diversidade baséanse en principios inclusivos, integradores e non discriminatorios. Todo o persoal do Centro considera no seu labor a diversidade do alumnado, adaptando todas as súas actuacións e prácticas educativas ás características persoais, necesidades, intereses e estilo cognitivo das nenas e dos nenos, dada a importancia que nestas idades adquiren o ritmo e o proceso de maduración.

No CRA deseñamos a través do Departamento de Orientación accións e recursos encamiñados á atención temperá e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe (Avaliacións, Protocolos de detección temperá, etc).

No Centro diferenciamos as medidas ordinarias das extraordinarias.

Como **medidas ordinarias** de Atención á Diversidade contamos con:

· **Reforzo Educativo**: Regulado na Orde do 6 de outubro de 1995. É unha medida ordinaria de Atención á Diversidade que afecta a elementos non prescriptivos do currículo (secuencia de contidos, formas e instrumentos de avaliación, organización da aula, ao agrupamento do alumnado e todo aquilo incluído dentro do ámbito da metodoloxía). Dentro do Reforzo Educativo distinguimos os seguintes tipos:

- *Reforzo educativo interno*: É o realizado polos titores, polas titoras ou mestres e mestras especialistas na súa práctica docente para atender á diversidade seguindo diversas orientacións.
- *Reforzo educativo externo*: Para o que se necesitan apoios externos á aula. Non obedecen a un plantexamento curricular senón á consecución de habilidades básicas. Concrétanse nos programas de intervención das especialistas de PT e AL.

· **Apoios na aula**: Nel un mestre ou unha mestra de apoio reforza a tarefa educativa cotiá. No CRA todas as aulas contan con apoio semanal. Por outra banda dependendo das necesidades concretas de cada curso en ocasións a Xefa de Estudos establece algunha sesión máis que as establecidas con carácter xeral.

Unha vez esgotadas as medidas ordinarias na maioría dos casos e cando as necesidades das alumnas e dos alumnos son de carácter permanente, é preciso que para seu desenvolvemento levemos a cabo no Centro diversas **medidas de actuación extraordinarias**:

· **Adaptación Curricular**: É a modificación dun ou máis elementos prescriptivos do currículo (obxectivos, contidos e criterios de avaliación) para atender as necesidades

específicas dunha alumna ou dun alumno motivadas por unha dificultade persoal ou capacidades excepcionais. (Orde do 6 Outubro 1995). Necesita autorización da Inspección Educativa e ten unha duración mínima dun ciclo. Seu desenvolvemento realízase integrado na medida do posible, en accións educativas ordinarias do grupo de referencia.

· **Flexibilización do período de escolarización:** Naqueles casos nos que é necesario pódese aumentar a permanencia un ano en E.I. No caso de superdotación rexámonos pola O. 28 de outubro 1996. Podemos anticipar un ano en primeiro de Primaria si a Avaliación Psicopedagóxica prevé que é o adecuado para o desenvolvemento do alumno/a e si globalmente ten adquiridos os obxectivos de Educación Infantil.

Anticipación e redución consígnanse no libro de escolaridade. Segundo o Real Decreto 943/2003,18 xullo, a redución consiste na súa incorporación a un curso superior ao que lle corresponde por idade. Podendo adoptarse un máximo de tres veces no ensino básico, e só en casos excepcionais.

## **2.6. COORDINACIÓN ENTRE CICLOS E ETAPAS**

A Educación Infantil constitúe unha etapa educativa con identidade propia que atende aos nenos e ás nenas desde o nacemento ata os seis anos e ten un carácter voluntario.

Esta etapa educativa ordénase en dous ciclos: o primeiro, que comprende ata os tres anos, e o segundo que terá carácter gratuíto, dende os tres anos aos seis anos de idade.

O ciclo constitúe a unidade temporal de programación. Polo que debemos garantir o traballo en equipo dos profesionais dun mesmo ciclo.

Dado que o traballo en ambos ciclos debe basearse nas experiencias, na actividade infantil e no xogo, sería interesante a coordinación entre os profesionais dos distintos ciclos e das distintas etapas educativas.

A coordinación entre os distintos profesionais educativos levarémola a cabo organizando xuntanzas cunha certa periodicidade para tratar os aspectos educativos máis relevantes.

Pensamos que estas reunións de coordinación poden contribuír ao bo desenvolvemento da nosa tarefa educativa , a conseguir uns mellores resultados cos nosos alumnos e un maior compromiso por parte das familias.

Algúns aspectos a tratar nestas xuntanzas son:

- Elaborar unhas pautas de actuación común á hora de traballar con outros servizos municipais: Servicios Sociais, servizo de Logopedia ...
- Proposta de mellora para levar a cabo actividades conxuntas como a celebración do Entroido.
- Consensuar a elaboración de informes do alumnado.
- Facer unha valoración da visita que os alumnos de 6º de educación Infantil realizan ao colexio de primaria no mes de maio/xuño.
- Posta en común e intercambio de experiencias pedagóxico-didácticas: O traballo por proxectos
- Como abordar a relación familia-escola

## **2.7. LIÑAS XERAIS PARA A ELABORACIÓN DOS PLANS DE ORIENTACIÓN E ACCIÓN TITORIAL**

As liñas xerais para a elaboración dos plans de orientación e de acción tutorial están impregnadas de dous aspectos. En primeiro lugar imprégnanse da normativa desenvolta no país a través das Leis Orgánicas e Reais Decretos concretados na nosa comunidade autónoma a través de diversos Decretos, Ordes Ministeriais e Circulares. En segundo lugar imprégnanse da nosa propia realidade educativa.

De acordo co Decreto 120/2009, O Plan de Orientación xurdiu coa creación do Departamento de Orientación no curso escolar 2008-2009. Cada ano na memoria final de curso do Departamento de Orientación introdúcense propostas de mellora o cal conleva a revisión e modificación do plan a principio de cada curso escolar.

Coa Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de Educación, (LOE) establécese o novo marco no que se van a desenvolver todas as accións educativas, incluída, por suposto o labor orientador, e recolle no seu preámbulo entre os seus principios básicos o logro de:

- Educación de calidade para todo o alumnado.
- Equidade na educación que garanta a igualdade de oportunidades.
- Esfuerzo compartido por todas as persoas que compoñen a comunidade educativa.

Do mesmo xeito no seu Título II, Equidade na educación, remarca a especial atención que han de ter as medidas de atención á diversidade para, por medio da prevención das dificultades de aprendizaxe e a posta en práctica dos apoios e reforzos oportunos en tempo e forma, lograr o marco dunha escola inclusiva que acuda, segundo sexa necesario, ás medidas organizativas e/ou curriculares precisas para asegurar o principio de equidade, sen prexuízo de garantir unha educación de calidade para todo o alumnado. Desta maneira a Atención á Diversidade deixa de ser unha medida que responde a unha parte do alumnado para pasar a ser unha necesidade de todo o alumnado e de todas as etapas educativas, converténdose no principio reitor desta actividade.

No noso centro o Plan de Orientación e o Plan de Acción Titorial están estreitamente ligados, xa que o Plan de Acción titorial é unha das liñas prioritarias de actuación dentro do propio plan de orientación.

Unha vez sinalado isto, podemos dicir que o Plan de Orientación é un plan global, amplo, flexible, modificable e renovable. Dentro do mesmo se recollen as seguintes accións prioritarias que se desenvolven nos seus propios plans:

- a) Actuacións que teñen como eixe nuclear o Plan de Acción Titorial. (P.A.T.)
- b) Actuacións que teñen como obxecto a “Atención á diversidade” (Plan de apoio ou Atención á diversidade)
- c) Actuacións en relación á promoción da convivencia e á resolución pacífica de conflitos (Plan de Convivencia)

Na elaboración destes documentos ademais de toda a normativa pola que nos rexemos tomamos como referencia tendo especial relevancia a seguinte:

- Circular 18/2007 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia.
- Decreto 120/98 23 abril que regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde 24 xullo 98: organización e funcionamento da Orientación regulada polo D.120/98.

Unha vez exposto todo o anterior, sinalamos a continuación as liñas xerais que tomamos

como referencia para elaborar estes plans:

- Actuacións referidas á actualización e elaboración dos diferentes documentos que integran o Proxecto Educativo de Centro.
- Actuacións en relación á promoción da convivencia e á resolución pacífica de conflitos no marco dunha escola plural.
- Actuacións que teñen como eixe o plan de acción tutorial: asesoramento, colaboración e incorporación de contidos relacionados coa aprendizaxe emocional, dinámica de grupos e igualdade real entre homes e mulleres.
- Actuacións que teñen como obxecto a atención a toda a diversidade:
- Identificación temperá de necesidades.
- Revisións e/ou modificación das medidas de apoio e /ou reforzo.
- Establecemento de canles de coordinación entre orientadores e orientadoras da zona de modo que se facilite o tránsito do alumnado entre etapas educativas.
- Actuacións que promovan unha maior participación e implicación das familias na vida do Centro e na educación das súas fillas e dos seus fillos.
- Proposta de medidas encamiñadas a diminuír o absentismo escolar e o abandono temperán dos estudos.

## **2.8. LIÑAS XERAIS PLANIFICACIÓN DO PERÍODO DE ADAPTACIÓN**

O período de adaptación é o conxunto de fases sucesivas polas que o neno ou a nena chegan a acomodarse a un medio novo, ao medio escolar, que non é coñecido nin habitual.

- Este proceso está caracterizado pola reciprocidade, onde o contexto mesmo se modifica para acoller, para saír ao encontro; e no que van a participar familias e profesorado man con man.
- O período de adaptación é o intervalo temporal que nenos e nenas precisan para asimilar cambios producidos na súa vida, contorno e ambiente ao incorporarse ao Centro, é dicir, ao pasar dun ambiente que coñecen e dominan a outro descoñecido en moitos casos, vai supoñer tamén a primeira separación das figuras de apego.

- O período de adaptación inclúese dentro do Plan de Acción Titorial (P.A.T.) formando parte do “Programa de acollida e período de adaptación”.

A continuación indicamos os obxectivos do período de adaptación:

- Facilitar o tránsito ao espazo escolar con novos tipos de relación.
- Consegui que a adaptación do alumnado ás escolas sexa idónea para o seu correcto desenvolvemento.
- Diminuír a tensión, o medo, a angustia e a ansiedade creados polo cambio de situación.
- Compartir información relevante entre as familias, o profesorado e o alumnado (as súas preferencias, o seu desenvolvemento, a súa autonomía, aceptación de límites...) para mellorar o coñecemento mutuo.
- Favorecer a sensación de seguridade na nova situación escolar.
- Xerar relación vinculares entre nenos e nenas, as súas familias e o profesorado, baseadas na confianza e na profesionalidade.
- Descubrir o gozo de estar coas outras e cos outros nun ambiente estimulante.

Neste proceso de adaptación están implicados tanto os profesores/as, os alumnos/as como ás familias.

Para organizar o período de adaptación teremos en conta as instrucións establecidas no calendario de cada curso escolar. A incorporación do alumnado será progresiva en canto a número de alumnos/as por grupo, así como o tempo de permanencia no centro.

## **2.9. FOMENTO DO USO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN, DA LECTURA E DA MELLORA DA CONVIVENCIA E PLAN DE POTENCIACIÓN DA LINGUA GALEGA**

### **FOMENTO DO USO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN**

Dada a importancia social das TICs e o lugar de preferencia, cada vez maior, que ocupan na vida dos nenos e das nenas e das súas familias, a súa aplicación ó traballo do Centro convértese nunha peza clave na educación e formación das novas xeracións, de xeito que adquiren os coñecementos e habilidades necesarias para abordar con garantía de éxito a súa utilización nos contornos de aprendizaxe, familiares e de lecer. Contribuiremos así a

que o alumnado, ó rematar a escolaridade obrigatoria, acade unha *competencia dixital*.

Co Plan TIC, pretendemos establecer as bases e os pasos a seguir no tarefa de que toda a comunidade educativa normalice a súa relación coas novas tecnoloxías.

## **ANIMACIÓN Á LECTURA**

Debido ao valor que ten a biblioteca como fonte de información e de pracer, coa Dinamización de biblioteca pretendemos mellorar a calidade educativa facilitando o acceso a toda a comunidade educativa aos recursos informativos e promovendo a animación á lectura co achegamento a todo tipo de textos en diferentes formatos e mediante diversas actuacións, que irán cambiando segundo a necesidade.

Entre os criterios de avaliación que establece o Decreto de currículo recóllese:

“Utilizar a biblioteca con respecto e coidado, valorándoa como un recurso informativo, de entretemento e gozo.”

A nosa intención é que toda a comunidade educativa perciba este espazo como un lugar agradable no que estea garantido o disfrute.

Para promover un uso eficiente da biblioteca escolar, a partir do presente curso teranse en conta as Instrucións establecidas pola Consellería de Educación en relación a organización e funcionamento das bibliotecas escolares.

Dende o curso escolar 2019/2020 como novidade abrírase a biblioteca do centro os martes de 16:00 a 17:00 dende novembro ata maio coa finalidade de potenciar o uso da biblioteca, fomentar o interese pola lectura e levar a cabo o préstamo de libros.

## **FOMENTO DA MELLORA DA CONVIVENCIA**

A mellora da convivencia é unha liña prioritaria para toda a sociedade, e en especial para a escola, xa que unha das finalidades básicas da educación é aprender a convivir, na procura de acadar unha sociedade máis moderna, xusta e democrática; máis igualitaria, cohesionada e pacífica, onde os fenómenos como o acoso escolar, a violencia doméstica, a violencia de xénero, o maltrato... non teñen cabida.

Dentro dos fins que promove o Decreto 330/2009, do 4 de xuño, que regula o currículo no 2º ciclo da educación infantil, contemplase o seguinte:

“Potenciarase a transmisión de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, o respecto, a xustiza, a prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos, a non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como o desenvolvemento da igualdade de dereitos e oportunidades e o fomento da igualdade entre homes e mulleres”. Dende o CRA *Raiña Aragonta* pretendemos coa actualización do Plan de Convivencia do centro, promover e desenvolver actuacións relativas ao fomento da convivencia.

No noso Centro educativo compartimos moitas vivencias xuntos e iso é a convivencia.

Logo de analizar os datos acadados na avaliación inicial para a realización do Plan de Convivencia, constatouse que o noso obxectivo prioritario pon énfase na mellora da convivencia en si mesma: non se trata de atallar simplemente os problemas, senón de atopar a maneira de previlos. Deste xeito, dende o Centro, poñemos a énfase en programas de prevención, desenvolvendo diversas actividades ao longo de cada curso académico.

## **PLAN DE POTENCIACIÓN DA LINGUA GALEGA**

Tendo en conta os principios reflectidos na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística; e no D79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo; o Equipo de Normalización e Dinamización da Lingua Galega do CRA Raiña Aragonta entende a normalización lingüística como un proxecto global que implica a toda a comunidade educativa coa intención de reforzar a dimensión comunicativa do galego en contextos vivos e facilitarlle ó alumnado unha oferta educativa que o axude a percibir a utilidade da nosa lingua e o capacite para o seu uso correcto e eficaz.

O CRA Raiña Aragonta está inserido nun entorno semiurbán e como tal é unha parte do mesmo pois reflexa as súas características e o que nel acontece.

A finalidade do Equipo de Normalización e Dinamización da Lingua Galega é marcar un camiño claro e axeitado a nosa realidade que nos permita que a presenza do galego no noso centro sexa cada día maior, ademais de achegarnos cada vez máis a nosa cultura e raíces.

### **2.10. ATENCIÓN EDUCATIVA AO ALUMNADO QUE NON OPTE POR ENSINANZAS DE RELIXIÓN**

As ensinanzas de relixión as incluíremolas no segundo ciclo de Educación Infantil de acordo co establecido na disposición adicional segunda da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de



maio, de Educación.

As administracións educativas garantirán que os pais, as nais ou representantes legais do alumnado poidan manifestar a súa vontade de que estes reciban ou non reciban ensinanzas de relixión.

As administracións educativas velarán para que as ensinanzas de relixión respecten os dereitos das alumnas e dos alumnos e das súas familias e para que non supoñan discriminación algunha a recibir ou non ditas ensinanzas.

Para os nenos e as nenas dos que os pais, as nais ou representantes legais non opten pola ensinanza relixiosa, no noso Centro organizaremos actividades como ensinanzas complementarias e en horario simultáneo ás ensinanzas de relixión. Estas actividades, axeitadas á idade das nenas e dos nenos, terán como finalidade facilitar o coñecemento e a apreciación de determinados aspectos da vida social e cultural, na súa dimensión histórica e actual, a través do achegamento a diferentes manifestacións literarias, plásticas e musicais, e contribuirán á consecución dos obxectivos. En todo caso, estas actividades non versarán sobre contidos incluídos no currículo establecido no presente decreto.

### **3. NORMAS DE ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E CONVIVENCIA**

O Real Decreto 732/1995, do 5 de maio, establece os dereitos e deberes do alumnado e as normas de convivencia dos centros, así mesmo no seu artigo 9 establece a necesidade de que os centros elaboren un Regulamento de Réxime Interno.

#### **3.1 NORMAS DE CONVIVENCIA**

As distintas instalacións do Centro son lugar de convivencia de moitas persoas e para poder respectar os dereitos de cada quen é necesario observar unhas normas de convivencia mínimas baseadas no respecto mutuo, na solidariedade e na busca do diálogo como medio de solución dos problemas.

Entre todos debemos contribuír a que o colexio estea limpo e sexa un lugar de convivencia agradable para toda a comunidade educativa.

- Segundo o decreto 75/2001 (DOG 10-IV-2001) prohibese fumar no recinto escolar.
- Debe respectarse o horario de apertura e peche do colexio. Este será aprobado no Consello Escolar ao inicio de cada curso escolar.

- Débese respectar ós/ás compañeiros/as e a todos os/as membros/as da comunidade educativa.

## **3.2. DO ALUMNADO**

### **3.2.1. Dos dereitos do alumnado**

- A recibir unha formación de calidade que asegure o desenvolvemento da súa personalidade e fomente a súa capacidade e actitude crítica.
- A igualdade de oportunidades e a non ser discriminado por razón de raza, sexo, ou capacidade económica, crenza relixiosa,...
- A ser respectados polo persoal docente e polas compañeiras e compañeiros. As alumnas e os alumnos non poderán ser obxecto de trato vexatorio, nin verse afectados na súa integridade física e dignidade persoal.
- A ser avaliados con obxectividade e a recibir as explicacións e dedicacións pertinentes por parte do seu mestre e mestra.
- A orientación escolar é unha tarefa que realizarán os titores e titoras despois de valorar as achegas do resto do profesorado e que se completará coa colaboración do Departamento de Orientación.
- Dereito a que a súa actividade se desenvolva nas debidas condicións de seguridade e hixiene.
- A utilizar as instalacións do centro respectando as normas.
- A recibir as axudas precisas atendendo ás súas necesidades.
- A recibir a atención precisa en caso de accidente.

### **3.2.2. Da participación do alumnado**

Tendo en conta que no noso Centro a única etapa educativa que se imparte é a de Educación Infantil, a participación do alumnado no funcionamento do mesmo estará canalizada a través dos seus pais, das súas nais ou representantes legais.

### **3.2.3. Dos deberes do alumnado**

O deber fundamental do alumnado é quitar proveito das ensinanzas que se lle imparten na aula, tanto no que se refire a contidos conceptuais e procedimentais, como ós de tipo actitudinal.

#### **Son deberes das alumnas e dos alumnos:**

1. Traballar e respectar o dereito ao traballo das súas compañeiras e dos seus compañeiros.
2. Asistir puntualmente ás clases e participar nas actividades programadas.
3. Seguir as orientacións dos seus mestres e e das súas mestras respecto á súa aprendizaxe e formación .
4. Respectar ás súas compañeiras e aos seus compañeiros e a todos os integrantes da comunidade escolar.
5. Cumprir as normas de convivencia establecidas neste Regulamento, tamén cando se participe en actividades extraescolares, visitas, excursións e calquera outra actividade organizada polo centro.
6. Participar na vida do centro contribuindo a fomentar un clima de respecto, diálogo, compañeirismo, traballo, creatividade e estudo.
7. Respectar o material do centro e das aulas, tanto o mobiliario coma o de tipo bibliográfico e didáctico (nos que se inclúen os xogos, crebacabezas e xoguetes).
8. Os mestres e as mestras non cambiarán ás nenas e aos nenos, partindo da norma xeral de que deben controlar os esfínteres como requisito indispensable para a súa escolarización. Por outra banda, é preciso lembrar que mestres e as mestras non desenvolven unha labor asistencial (agás en casos de necesidade puntual), senón exclusivamente pedagóxica. Así, chamarán a casa para que alguén acuda a cambialos, traendo a muda correspondente. Lembramos que os titores ou titoras anotaron tres números de teléfono de cada nena e neno por se xurde unha emerxencia, é preciso que os teñan arquivados na carpeta de documentación importante na aula para que o podan empregar os demais docentes. Deberá entregarse unha copia de dita lista á Dirección do centro ao inicio de cada curso escolar e cada vez que dita lista sufra modificacións. De tódolos xeitos, os titores ou titoras poderán dispor dunha muda na aula por se non se localiza a ninguén ou estiman que o tempo de desprazamento é superior ó razoable, unicamente nestes casos e na medida do posible serán as propias alumnas ou os

propios alumnos os que se ocupen do cambio.

9. Os pais e as nais deberán cubrir un impreso de xustificación cando a súa filla ou o seu fillo non asista ou se ausente do centro. Cando a ausencia sexa por enfermidade e superior a unha semana, deberase axuntar o certificado médico correspondente.

### **3.2.4. Das conductas contrarias ás normas de convivencia, das medidas de corrección e das garantías procedementais**

As conductas contrarias ás normas de convivencia do centro serán corrixidas de cordo coa súa gravidade e considerando a situación e condicións persoais de non respecto a estas normas de convivencia. As correccións que se apliquen deberán ter un carácter educativo e recuperador e garantir o respecto ós dereitos de todos os membros da comunidade educativa.

Segundo a gravidade diferenciarase entre conductas contrarias ás normas de convivencia do centro e conductas gravemente prexudiciais para a convivencia no centro.

#### **a) Conductas contrarias ás normas de convivencia:**

1. O incumprimento xeral das normas de convivencia recollidas neste documento.
2. As reiteradas faltas de asistencia á clase sen xustificar.
3. As reiteradas faltas de puntualidade.
4. A falta de respecto aos mestres ou ás mestras ou persoal do centro.
5. A agresión ou vexación a compañeiras ou compañeiros.
6. Os estragos dos diversos materiais.

#### **b) Correccións das conductas contrarias ás normas de convivencia:**

As conductas contrarias ás normas de convivencia do centro poderán ser corrixidas con:

1. Apercibimento verbal ou escrito.
2. Cambiar á alumna ou ao alumno de posición na aula ou cambialos de aula, se fose preciso.
3. Comparecencia ante o titor ou a titora no caso de que a falta se produza con outro mestre ou con outra mestra.
4. Comunicación verbal ou por escrito aos pais, ás nais ou aos representantes legais en función da reincidencia.

5. Realización de tarefas de reparación do dano causado, de limpeza ou de reposición do material estragados, dentro e fóra do horario lectivo.

6. A reiterada falta de asistencia ás clases pode impedir que a alumna ou o alumno poidan ser avaliados segundo os criterios xerais establecidos para o curso así como aplicar a avaliación continua. Cando o número de faltas sen xustificar supere o 15% do horario lectivo aplicarase a Orde do 22 de Xullo de 1997 sobre o funcionamento das escolas de Educación Infantil, segundo a que a dirección do Centro poñerá en coñecemento dos servizos sociais do concello e da Inspección educativa o parte de faltas. Cando a falta de asistencia a clases teña un motivo xustificado, débese tentar que a alumna ou o alumno poidan recuperar o traballo perdido. Pedirase puntualidade á entrada e á saída.

- A puntualidade é unha aprendizaxe importante incluída nos contidos actitudinais e que nos axuda a acadar o obxectivo do respecto polos demais e tamén o do cumprimento das obrigas e da responsabilidade.
- Se alguén chega tarde interrompe a clase. Como consecuencia o resto da clase distráese e ten que deixar o traballo que se está a facer ata que o que chega sexa quen de incorporarse ao traballo.
- Aqueles pais/nais que non respecten as normas de puntualidade, deberán cubrir un impreso deixando constancia da hora de entrada do alumno/a ao centro. Ditas faltas de puntualidade serán reflectidas nos informes trimestrais de avaliación.
- Nos casos nos que algunha circunstancia concreta, inevitable ou de necesidade así o requira, terase en conta o criterio de flexibilidade, previa solicitude á dirección do centro e á Inspección educativa.

Os titores ou as titoras terán en conta que unha ausencia reiterada ás clases pode ser indicativa de problemas que afecten á estabilidade emocional da alumna ou do alumno, o cal compromete gravemente o seu desenvolvemento.

7. Cando unha alumna ou un alumno interfira co seu comportamento no correcto desenrolo das clases poderá acudir a outra clase, previa comunicación á Xefatura de Estudos ou á Dirección do centro. Non se permitirá como medida punitiva a estancia de alumnas e de alumnos en corredores ou na sala do profesorado.

8. Para as faltas graves e reiteradas de disciplina a sanción será a non asistencia á seguinte saída programada polo colexio. Esta medida considérase por unha banda correctiva para a nena ou o neno e por outra beneficiosa para o grupo.

### **c) Órgano competente para decidir correccións:**

Serán competentes para decidir as correccións por incumprimento das normas de convivencia do centro previstas no apartado anterior:

1. O mestre ou a mestra ou titor ou titora, oído alumna ou o alumno, aplicarán as correccións establecidas nos puntos 1 a 4 anteriores.
2. O titor ou a titora, oído a alumna ou o alumno e os pais e as nais, aplicarán as correccións establecidas nos puntos 1 a 5 anteriores.
3. A Xefatura de Estudos ou a Dirección, por delegación do Consello Escolar, previa audiencia dos representantes legais da alumna ou do alumno, aplicarán as correccións establecidas nos puntos anteriores.

#### Garantías procedimentais:

As conductas contrarias ás normas de convivencia no centro prescribirán ó longo dese trimestre. A alumna ou o alumno e os seus pais ou as súas nais poderán reclamar ante o órgano inmediatamente superior a aquel que impón a sanción.

## **3.3. DO PROFESORADO**

### **3.3.1. Dos dereitos do persoal docente**

- Liberdade de cátedra.
- Recibir unha formación e actualización permanente.
- Participar nos órganos do centro e nas diversas actividades conxuntas que se programan.
- Colaborar na programación das materias que imparte.

### **3.3.2. Dos deberes do persoal docente**

- Actuar de acordo co establecido no P.E.
- Fomentar a capacidade e actitude crítica das súas alumnas e dos seus alumnos. Impartir unha ensinanza exenta de adoutramento ou manipulación ideolóxica.
- Asistir ás reunións do Claustro, de Ciclo, avaliación e calquera outra que sexa convocada pola Dirección do centro.

- Os titores ou as titoras elaborarán a programación de aula.
- Os mestres ou as mestras especialistas elaborarán a programación da súa área.
- Os mestres tamén realizarán gardas de biblioteca os martes de 16:00 a 17:00 horas, para que se leve a cabo o préstamo de libros e goce da biblioteca por parte dos alumnos/as. Os nenos/as sempre estarán acompañados por un adulto (pai, nai, titor legal).
- Os mestres titores/as serán os responsables de recompilar e elaborar unha carpeta con información relevante do seu alumnado: lista de alumnos/as, números de teléfono de contacto, persoas autorizadas para a súa recollida, horario de aula, casos de separacións, alumnos/as en alerta escolar ou con enfermidades, nenos/as que acoden a aula madruga, aula tardía e comedor, alumnos/as que asisten a relixión católica ou alternativa a relixión, listado de socios da ANPA, autorización de imaxe e saídas complementarias e calquera outro documento que se considere de especial relevancia.
- Realizar as actividades complementarias: bibliotecas, gardas, gardas de recreo, titorías, dinamizacións, substitucións, visitas e reunións cos pais/nais ou titores legais.
- Controlar a asistencia do alumnado e comunicala no caso de mestres ou mestras especialistas aos titores ou ás titoras e neste caso á Xefatura de Estudos ou á Dirección.
- Os recollidos nos procedementos dos mestres e das mestras, así como nas normas de convivencia do centro nos apartados que especificamente afecten aos mestres e ás mestras.
- Realizar as súas gardas atendendo á entrada e saída de alumnos/as no medio da mañá e controlando o acceso á persoas alleas ao centro ás instalacións do mesmo.

### **3.3.3. Dos procedementos a seguir polo persoal docente**

- Deben ser puntuais, tanto a primeira hora da mañá, como no inicio de cada clase.
- As faltas de orde ou comportamento deben quedar reflectidas no parte de clase e comunicaranse inmediatamente ao titor ou titora da alumna ou alumno por escrito.
- Non se deben tolerar faltas de indisciplina ou de respecto. Si se dese o caso, ademais de comunicalo por escrito ao titor ou á titora, pódese acompañar á alumna ou ao alumno e aos pais, ás nais ou aos titores legais ante a Xefatura de Estudos ou Dirección.
- Os mestres e as mestras deben responsabilizarse do uso que fan do material común así

coma dos aparellos.

- As horas de permiso deben pedirse, sempre que sexa posible, por anticipado, tentando que no mesmo día non coincidan máis de dúas persoas solicitantes de horas por asuntos propios.

- As actividades de formación do profesorado contarán co permiso correspondente no caso de que sexan organizadas ben por órganos centrais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, ben por universidades, organizacións sindicais, asociacións de profesionais e similares. Dito permiso será concedido en cada caso polo órgano correspondente e seguindo o procedemento que marca a *ORDEN de 29 de enero de 2016 por la que se regula el régimen de permisos, licencias y vacaciones del personal docente que imparte las enseñanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de educación*. En relación ás actividades organizadas polos **centros de formación e recursos**, o profesorado só poderá asistir a elas fóra do seu horario lectivo, ou sempre en cando sexa solicitado coa anterioridade e organizado polos servizos centrais da Consellería dentro de ese horario.

- Para a retirada e uso de material audiovisual por parte do profesorado deberán facer constar nas follas de rexistro de retirada

- Ao finalizar cada curso escolar o profesorado deberá deixar na sede do centro todo o material audiovisual e informático, cubrindo o impreso correspondente na secretaría do centro..

- Todos os titores e todas as titoras deben reflectir no seu horario unha hora para atención ás familias, durante a cal teñen obriga de estar no centro.

- Ao final da mañá deberán apagar as luces, pechar as fiestras e as portas. Cómpre facer o mesmo na sala de mestres, ademais de apagar a fotocopiadora, as computadoras e os radiadores.

- Os mestres e as mestras facilitarán o labor do persoal de limpeza na medida do posible.

- Ao rematar a clase deberase comprobar que queda todo recollido. As fichas e traballos gardados no seu lugar, así coma os xogos e xoguetes.

- Cada titor ou titora elaborará unha relación de normas que desexa se practiquen na súa aula referentes ó uso de material por parte das nenas e dos nenos. Son normas para establecer e concretar aspectos relacionados co funcionamento da clase. Co fin de que a intervención dos mestres e das mestras (especialistas, substitutos) non supoña ningún



trastorno para as alumnas e os alumnos estarán arquivadas na carpeta de documentación importante en cada unha das aulas.

- Os mestres e as mestras deben respectar os dereitos e facer cumprir os deberes das alumnas e alumnos.

- Nas gardas de recreo o mestre ou a mestra atenderá ás alumnas e aos alumnos nas dependencias internas e externas do Centro e velará pola existencia de orde. Tamén atenderá calquera continxencia que se poida producir. En caso de que se produza un accidente, deberase:

- Dar asistencia sanitaria e, se é o caso, chamar á ambulancia.

- Comunicalo á familia.

- Comunicalo á xefa ou xefe de estudos para que coordine ó persoal do centro.

- Cubrir o impreso de rexistro de incidencias do centro.

- No caso dun patio de recreo de varias aulas ( como é o caso da sede), cada mestre/a fará a súa garda de patio naquela zona que lle foi asignada, independentemente do grupo de alumnos e alumnas que están nesa zona. Cando algún mestre/a permaneza no patio máis tempo do establecido como recreo, deberá entón facerse responsable do seu alumnado.

- O mestre ou mestra poderá corrixir o comportamento da alumna ou alumno coas seguintes medidas:

- Amoestación verbal ou escrita, pública ou privada.

- Cambiar á alumna ou ao alumno de posición na aula ou estancia ou cambialo de aula ou estancia se a medida anterior non é suficiente.

- Realización de tarefas académicas, de reparación ou de limpeza tanto dentro como fóra do horario lectivo.

- Cada mestre titor deberá informar ao resto de profesorado, e a dirección de centro, daquel alumnado con doenzas que pola súa especial relevancia deba de poñerse en coñecemento de todo o claustro de mestres, así como das actuacións e medidas a tomar en conta con dito alumnado. Ao principio de cada curso informarase ao profesorado do procedemento a seguir nestes casos.

- Cada mestre titor deberá informar ao resto de profesorado, e a dirección do centro daquel alumnado que non ten autorización de imaxe

- Os mestres serán os responsables de atender a entrada ou saída do alumnado das instalacións do centro, na medida das súas posibilidades.

### **3.3.4. Procedementos a seguir polo titor ou titora**

O titor ou a titora é a persoa fundamental no seguimento e orientación da alumna ou do alumno no colexio. Por iso debe coordinarse cos especialistas e o equipo de orientación, coa finalidade de tomar decisións acerca de posibles medidas de reforzo ou ampliación educativos cando se dea o caso. A coordinación cos especialistas servirá tamén para facer un seguimento pedagóxico da clase e do alumnado en xeral e favorecer así o seu desenvolvemento educativo. Para todo isto, deberá manter unha comunicación constante coa alumna e co alumno e coas súas familias.

- Debe recoller a maior información respecto da alumna ou do alumno de forma que o coñecemento deste sexa o máis amplo posible.
- O primeiro día de clase revisarase ó inventario da aula. Esta comprobación repetirase ó final de cada curso e, en caso de que existan desperfectos, darase comunicación á dirección do centro. No caso de que existan altas e baixas no material tanto didáctico e bibliográfico coma de mobiliario deberá comunicalo a Secretaría.
- Debe comunicar o seu horario de titoría aos pais e ás nais. É conveniente dicirlles que soliciten a entrevista con anticipación (isto permite ter estudiado o caso da alumna ou alumno concreto antes da reunión e recadar información do resto do persoal docente).
- O horario de aula debe estar arquivado nunha carpeta de documentación importante en cada unha das aulas.
- Ademais das entrevistas solicitadas polos pais e polas nais, o titor ou a titora deben reunir ás familias polo menos unha vez por trimestre para tratar aspectos relativos ao desenvolvemento do curso. É recomendable facer a solicitude de titoría a pais/ nais ou titores legais dos alumnos/as por medio dun impreso que se facilita ao inicio de curso de citación para titorías.
- En cada titoría cubrirase un impreso onde se recollerá a información máis relevante transmitida tanto polas familias, como por parte dos mestres/as; dito impreso estará asinado polas persoas presentes na titoría.
- Celebraranse reunións de todos os mestres e mestras de cada grupo nos intermedios de cada trimestre, sempre e cando o titor o considere preciso por algún motivo e

convoque a todos os mestres que interveñan nesa aula. Estas reunións deben estar presididas polo titor ou pola titora e nelas estes recollerán por escrito as observacións que se fagan do alumnado.

- Naquelas actividades, nas que se invite á participación das familias, será preciso informar do número de persoas cos seus datos persoais, así como a data e o tempo estimado de duración da actividade que se levará a cabo dentro da aula e informar á dirección do centro, procurando que, en todo caso a xustificación da actividade teña un carácter pedagóxico e de interese relevante para o alumnado.
- Reunirse periodicamente co Xefe o Xefa de Estudos coa finalidade de tratar os casos de alumnas ou alumnos que presenten algún tipo de problemática. Esta reunión farase por convocatoria da xefatura de estudos ou a petición propia.
- Facer a demanda de avaliación psicopedagóxica para que se realice a avaliación dalgún alumno/a. Será entregada ao Xefe de Estudos, para posteriormente ser remitido a Orientación.
- Cando realice comunicacións aos pais e ás nais acerca de faltas de asistencia ou de comportamento, estas deben realizarse por escrito e con rexistro de saída, sempre que sexa posible.
- No caso de faltas de orde ou comportamento será o titor ou a titora, en base ó informe do mestre ou mestra que corresponda, apreciar a súa gravidade e actuar en consecuencia.
- O titor ou a titora poderá impoñer as seguintes sancións:
  - Amoestar á alumna ou ao alumno de forma verbal ou escrita en público ou privado.
  - Cambiar á alumna ou ao alumno de mesa, lugar, estancia.
  - Realizar actividades de reparación ou limpeza.
  - Impoñer tarefas no recreo ou en horario non lectivo.
  - Comunicar aos pais e ás nais as faltas de comportamento, puntualidade ou asistencia (estas últimas sen xustificar). Sempre por escrito.
  - Propor sancións á Xefatura de Estudos.

### **3.3.5. Procedementos a seguir pola Xefatura de Estudos**

- Debe reunirse de forma periódica cos titores ou coas titoras, como mínimo unha vez

por trimestre. Nas reunións debe reclamar aos titores ou titoras que o informen das incidencias do curso, das alumnas e alumnos con algunha problemática, comunicacións realizadas aos pais e ás nais, desperfectos producidos na aula, etc.

- O xefe ou xefa de estudos poderá impoñer as seguintes sancións:
  - Amoestación verbal á alumna ou alumno.
  - Comunicación por escrito aos pais e nais con apercibimento de falta grave e conseguinte sanción no caso de repetirse a falta de comportamento.
  - Suspensión do dereito a participar nas actividades complementarias.
  - Calquera das sancións que corresponden ao titor ou titora.

### **3.3.6. Procedementos a seguir pola Dirección**

No que respecta ao comportamento das alumnas e dos alumnos a Dirección terá unha función sancionadora en base aos informes que lle presente a Xefatura de Estudos.

A Directora ou o Director poderán impoñer as seguintes sancións:

- Calquera das enumeradas para a Xefatura de Estudos.
- Sancionar coa perda do dereito de asistencia ao colexio por un período máximo de tres días.
- Propor ao Consello Escolar a apertura de expediente sancionador.

## **3.4 DOS PAIS E DAS NAIS OU REPRESENTANTES LEGAIS DO ALUMNADO**

### **3.4.1 Dos dereitos dos pais e das nais**

- A seren informados de todo o relativo á ensinanza e formación das súas fillas e fillos, especialmente do control das faltas de asistencia, dos resultados académicos e da adaptación ó ambiente escolar e comportamento.
- A solicitar aclaracións e posibles rectificacións sobre o rendemento e avaliacións da súa filla ou do seu fillo.
- A ser recibido polo titor ou pola titora, mestres, mestras e equipo directivo.
- Nos casos de separación ou divorcio, o proxenitor non custodio ten dereito a recibir

información relativa ao proceso de ensinanza-aprendizaxe do seu fillo/a, seguindo o procedemento establecido na circular 1/1997 da dirección xeral de centros de inspección educativa sobre información aos pais separados ou divorciados dos resultados de avaliación dos seus fillos.

- A participar no funcionamento do centro a través dos seus representantes no Consello Escolar e a formar parte das asociacións de pais e nais que puideran existir no centro.
- A utilizar as instalacións do centro respectando as normas.

### **3.4.2 Dos deberes dos pais e das nais**

- Colaborar na mellora da formación e do rendemento da súa filla ou do seu fillo.
- Acudir ao centro cando sexa requirido por un mestre ou unha mestra, titor ou titora, orientador ou orientadora ou equipo directivo.
- Asistir ás reunións colectivas convocadas pola dirección ou polo titor ou pola titora.
- Ser respectuoso con todo o persoal do centro.
- Cumprir cos horarios de entradas e saídas, cubrindo o impreso de impuntualidade cando se produza a mesma.
- Cando sexa necesario retirar a unha alumna ou ao alumno do centro ou incorporalo ao mesmo, os pais/nais/representantes legais ou persoas autorizadas poderán recoller ou entregar ao alumnado a calquera hora da mañá. Para iso, será preciso que timbren no portal e esperen na secretaría do centro a que un mestre/a ou PAS traia ou leve ao neno ou nena a aula correspondente. Ademais, deberá cumprimentar un impreso cubrindo os seus datos, data e hora onde queda constancia de que se responsabilizan do que poida suceder nese período de tempo no que o alumno ou alumna non permanecerá no centro escolar. Dito impreso será entregado ao mestre ou mestra de garda.
- Cando sexa necesario retirar a unha alumna ou o alumno da aula ou do centro ao longo da mañá e sexa recollido por outra persoa diferente á súa nai ou ao seu pai ou titor legal, estes, como responsables legais da nena/o, deberán autorizar previamente a ditas persoas, mediante un impreso que será facilitado polo titor/a ás familias a inicio de curso.
- Respectar a privacidade de alumnado e profesorado dentro das instalacións do centro.
- Acceder ás instalacións do centro (aulas, aseos...) só mediante autorización expresa dalgún mestre/a ou PAS do mesmo.

### **3.5. DO PERSOAL NON DOCENTE**

#### **3.5.1. Dos dereitos do persoal non docente**

- Realizar o seu traballo nas mellores condicións posibles e cos medios máis adecuados, respectando a lexislación laboral existente.
- Participar na vida do centro a través do seu representante no Consello Escolar.

#### **3.5.2. Dos deberes do persoal non docente**

- Atender, dende a súa responsabilidade, ás persoas que requiran o desempeño do seu traballo.

##### *· COIDADOR OU COIDADORA*

É a persoa que realiza as tarefas auxiliares referidas tanto á vida diaria da nena ou neno que a causa da súa discapacidade as precise, coma ó proceso recuperador ou de habilitación para a autonomía persoal; esto último sempre en coordinación e seguindo as directrices dos correspondentes profesionais.

Dalgún xeito, o coidador ou a coidadora ten tamén unha tarefa educativa, xa que ademais de velar pola seguridade da nena e do neno, ten que proporcionarlle recursos para acadar a súa propia autonomía e orientalo/a cara unha independencia persoal.

Deberá manter un contacto co titor ou coa titora para coordinar as diferentes actividades.

##### *· FUNCÍONS DO COIDADOR OU DA COIDADORA*

A súa principal tarefa é a de atender ás nenas e aos nenos con necesidades educativas específicas e manter unha estreita relación cos seus familiares, traballando dun xeito coordinado e eficaz.

As súas funcións principais son:

- Coñecer ás nenas e nenos e as necesidades básicas que formulan.
- Colaborar co equipo pedagóxico na elaboración da programación individual.
- Levar á práctica os programas, baixo a supervisión do coordinador de equipo, respectando horarios e realizando as actividades establecidas.
- Realizar un control e seguimento das actividades programadas, así coma a revisión de obxectivos, informando dos resultados ó resto do equipo.

- Procurar que a nena e o neno se integren e adapten na medida das súas posibilidades.
- Asesorar aos pais e ás nais nas tarefas que lles competen, dende a perspectiva de profesionais que se dedican á educación da súa filla ou do seu fillo.

Ademais, o coidador ou a coidadora debe prestar os seguintes apoios:

- Na organización das saídas do centro (orden, revisión do material, vestido, alimentos, ...).
- Durante a viaxe, en especial no que respecta á locomoción e atención á seguridade vial.
- Preocupación polos/as nenos/as ó chegar ó destino para que podan gozar das actividades programadas.
- Atender as demandas particulares de cada unha das nenas e dos nenos.

#### *· COORDINACIÓN DO COIDADOR OU DA COIDADORA COS MESTRES E COAS MESTRAS*

A socialización da nena e do neno con necesidades educativas especiais é o obxectivo fundamental tanto para o educador ou a educadora coma para o coidador ou a coidadora. Ademais deste, a meirande parte dos obxectivos formulados polos mestres e polas mestras son compartidos tamén polo coidador ou pola coidadora. Existen outros aspectos que, sendo máis específicos, se deben ter tamén en conta:

- Acadar unha diminución das discapacidades da nena ou do neno deficiente.
- Coñecer moi ben as capacidades non danadas da nena ou do neno e apoiarse nelas para minimizar as outras.
- Realizar as mesmas tarefas que se farían con calquera outra alumna ou outro alumno pero cun maior grao de paciencia.
- Levar a cabo un seguimento continuo e individualizado da alumna ou do alumno.
- Seguir en todo momento a orientación dos mestres e das mestras.

A coordinación cos educadores e coas educadoras debe ser estreita, o que implica:

- Coñecer e respectar os obxectivos do centro onde desenvolva o seu labor.
- Ser responsable da súa actuación ante os órganos de goberno do centro.
- Participar activamente na elaboración de programas dos que se forme parte.
- Informar da evolución da nena ou do neno.
- Manter un trato correcto cos familiares da nena ou do neno.

- Ser receptiva ou receptivo ante críticas constructivas, xa sexa por parte do educador ou da educadora ou dos familiares.
- Servir de nexo de unión entre o educador ou a educadora e os familiares da nena ou do neno.
- Observar directamente á nena ou ao neno e realizar un control dos mesmos.

#### · *OBXECTIVOS DO COIDADOR OU COIDADORA*

Ademais da coordinación, o coidador ou a coidadora debe formularse os seguintes obxectivos:

- Acadar unha adaptación á aula. O coidador ou coidadora axudará á nena ou ao neno a superar aquelas dificultades que non poda resolver dun modo independente, sen caer no súper proteccionismo.
- Desenvolver hábitos de autonomía persoal, o que lle axudará a desenvolverse diariamente no entorno social e físico. Para isto é imprescindible partir do potencial da nena ou do neno e saber que hábitos, destrezas ou capacidades poden reforzarse máis.
- Desenvolver actividades relacionadas coa percepción e a psicomotricidade.

#### · *PAPEL DO COIDADOR OU DA COIDADORA NAS ACTIVIDADES DE OCIO E TEMPO LIBRE*

Entre as distintas tarefas que desenvolve o coidador ou a coidadora se atopa a da participación en actividades de ocio e tempo libre. Estas son de gran importancia para acadar un desenrolo da personalidade das nenas e dos nenos con necesidades educativas especiais, os que, debido as súas limitacións, necesitan gozar de oportunidades para poder expresarse na medida de súas capacidades.

As actividades deben:

- Ser abertas, flexibles e integradoras.
- Contribuír á ampliación das experiencias das nenas e dos nenos.
- Estar relacionadas coa súa vida cotiá.
- Servir para transmitir as súas ideas ou emocións, sobre todo nos casos en que se dan dificultades na comunicación.

Para deseñar actividades de ocio e tempo libre se debe ter en conta o seguinte:

- Para que tipo de minusvalía hai que programar os exercicios (mental, motórica,



conductual).

- Os obxectivos estarán en función das capacidades.
- O tempo de que dispoñemos.
- Concreción das actividades.

A continuación concretaranse algúns aspectos a ter en conta no deseño do programa de actividades de ocio e tempo libre para alumnado con necesidades educativas especiais.

- Como estas nenas e estes nenos teñen tendencia a illarse do resto, deberíase partir da base da socialización e realizar en grupo a meirande parte das actividades.
- Cómpre comezar dende a propia experiencia da nena ou do neno e procurar que axuden naquelas tarefas que poden realizar.
- Débese promover a participación e crear un clima motivacional propicio para a execución das actividades formuladas.
- Hai que facilitar a coeducación, ou sexa, o contacto entre nenas e nenos.

## **3.6 ORGANIZACIÓN DOS RECURSOS E MEDIOS**

### **3.6.1 Recursos materiais**

O profesorado organizará os recursos materiais, e material didáctico, fomentando o máximo aproveitamento e dando as maiores facilidades de uso. Ademais, tentarase que os medios á disposición do profesorado estean actualizados e permitan a utilización de recursos didácticos modernos e novidosos.

### **3.6.2 Organización de espazos**

No noso colexio todo grupo ten a súa aula. Por tratarse dun CRA, algunhas delas están situadas nas distintas parroquias coma edificios independentes; este é o caso de sete das nosas aulas: Barreiro, Budiño, Entenza (esta aula sitúase nun edificio propiedade da Comunidade de Montes), Fontán, Picoña, San Xurxo, e Soutelo. As outras sete aulas sitúanse na sede administrativa.

Nesta sede administrativa ubícanse as diferentes dependencias propias dun centro educativo: sala de mestres, dirección, secretaría, ximnasio, aula de pedagogía

terapéutica, aula de audición e linguaxe, despacho de orientación, aula multisensorial (iniciarase a súa instalación durante este curso escolar), aula de música, biblioteca, baños e as sete aulas destinadas as distintas titorías. Estas instalacións son utilizadas non só para impartir as clases, senón tamén para a xestión administrativa, reunións, etc. Ademais neste edificio contamos con ascensor para posibilitar o desprazamento de persoas con mobilidade reducida.

### **3.6.3 Distribución do tempo**

Como norma, as materias impártense en horas lectivas individuais e alternas en sesións de unha hora no caso de relixión católica ou alternativa á relixión, Música e Psicomotricidade; esta última desenvolverase na lingua estranxeira (inglés) nas aulas de tres anos da sede e en parroquias dende o presente curso, xa que formamos parte dos centros plurinfantil de Galicia.

No caso de lingua estranxeira, inglés, deberíanse de impartir en dúas sesións semanais de media hora cada unha, pero debido ás condicións do noso centro (características intrínsecas dun CRA) resulta inviable por ter que contar co tempo dos desprazamentos do profesorado especialista, polo que se establecen sesións dunha hora semanal para dita materia.

Non se poderán impartir máis de cinco horas lectivas diarias, sendo o horario lectivo de mañá. A tarde do martes adicarase á atención a pais e nais e para reunións, Claustros e Consellos Escolares. Ademais, dende este curso escolar estará aberta a biblioteca do centro para os nenos/as acompañados sempre dun adulto en horario de 16:00 a 17:00 horas coa finalidade de fomentar o goce polo uso da biblioteca e levar a cabo o préstamo de libros.

## **3.7. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

Considéranse actividades complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espacio ou recursos que utilizan. Así cabe considerar as visitas, traballo de campo, viaxes de estudos, conmemoracións e outras actividades semellantes. Deberán figurar na Programación Xeral Anual do Centro.

A participación do alumnado nestas actividades é voluntaria e requirirá autorización previa por escrito dos pais e das nais ou tutores e titoras sempre que se desenvolvan fóra da localidade. No suposto de que esta non sexa outorgada, a dirección arbitrará a forma máis conveniente para atender ás alumnas e aos alumnos que non participen nelas.

As actividades extraescolares son as realizadas fóra do horario lectivo e non teñen carácter obrigatorio. A asistencia é libre e o Centro non se responsabiliza das alumnas e alumnos na súa asistencia a estas actividades.

No desenvolvemento das actividades teranse en conta os seguintes criterios:

1.- Non se pode realizar ningunha actividade na que non se acade un número mínimo de nenas e nenos.

2.- As saídas de carácter pedagóxico son recomendables para as alumnas e alumnos, pero non obrigatorias.

4.- As actividades a realizar planifícanse no primeiro mes de curso. Nesta planificación diferenciaranse as actividades do primeiro trimestre e as dos restantes, por necesidades orzamentarias.

3.- No proceso de selección das actividades a realizar teranse en conta os seguintes criterios:

- Procurarase alternar as actividades de carácter didáctico e lúdico, sen esquecer que todas son pedagoxicamente necesarias na etapa de Educación Infantil.

- Valorarase que as actividades sexan creativas, novidosas..., tendo en conta a variada oferta que xurde cada curso.

4.- Parece conveniente que as actividades se desenvolvan ao longo do curso, o máis repartidas posible. A estes efectos establécese:

- Entregar no prazo establecido a autorización así como os cartos si fose necesario para acudir as actividades. De non ser así, os alumnos/as non poderán acudir a dita actividade por motivo de organización e funcionamento do centro.

5.- As alumnas e alumnos irán acompañados de mestres e mestras segundo as seguinte ratio: Cada unidade de alumnas e alumnos irán acompañados/as por un mestre ou mestra. Procurarase que as aulas máis numerosas vaian, sempre que sexa posible, acompañadas doutro mestre ou mestra.